

Language Quarterly. 62.4 : 407-424.

- Rohou, Jean. 1996. L'Histoire littéraire. Objets et méthodes. Paris: Nathan.
- Romero López, Dolores, ed. 2006. Naciones literarias. Barcelona: Anthropos.
- Schmidt, Siegfried J. 1995. "Escribir historias de la literatura. Algunas observaciones desde un punto de vista constructivista". Trads. Nereida Congost Mestre e Milagro García Ramos. Teoría/Crítica: 2: 245-269. [Orixinal inglés de 1985]
- Singh, Gurbhagat, ed. 1991. Differential multilogue: Comparative literature and national literatures. Delhi: Ajanta.
- Sinopoli, Franca. 1999. Il mito della letteratura europea. Roma: Meltemi.
- Sinopoli, Franca. 2003. La letteratura europea vista dagli altri.
- Spivak, Gayatri Chakravorty. 1988. In other worlds: Essays in cultural politics. New York: Routledge.
- Steiner, George. 2005. La idea de Europa. Trad. María Condor. Madrid: Siruela. Orixinal inglés.
- Szegedy-Maszák, Mihály. 1984. "Toward a reinterpretation of European literary history". Neohelicon: Acta comparationis litterarum universarum. 11.2: 289-302.
- Tacca, Oscar. 1968. La historia literaria. Madrid: Gredos.
- Van Tieghem, Paul. 1965. Compendio de historia literaria de Europa (desde el Renacimiento). Trad. José María Quiroga Pla. 3ª ed. Madrid: Espasa-Calpe. 1ª ed., 1951.
- Vodicka, Felix. 1995. La historia literaria: sus problemas y tareas. Trad. Desiderio Navarro. Valencia: Episteme. [Orixinal checo de 1942]
- Wallerstein, Immanuel. 2001. Geopolitics and geoculture: Essays on the changing world-system. Cambridge: Cambridge: University Press. 1ª ed., 1991.
- Warren, Joyce W. 2000. "The Challenge of Women's Periods". En Challenging Boundaries: Gender and Periodization. Eds. Joyce W. Warren e Margaret Dickie. Athens: University of Georgia Press.
- Wellek, René. 1983. Historia literaria. Problemas y conceptos. Trad. Sergio Beser. Barcelona: Laia. [Recopilación de estudios publicados orixinalmente entre 1940 e 1973]
- Williams, Raymond. 1982. "Base and Superstructure in Marxist Cultural Theory". En Problems in Materialism and Culture. 2ª reimpr. London: Verso. 1ª ed., 1980. [Orixinal de 1973]
- Williams, Raymond. 1982. Cultura. Sociología de la comunicación y del arte. Trad. Graziella Baravalle. Barcelona: Paidós. [Orixinal inglés de 1981]
- Williams, Raymond. 1997. Marxismo y literatura. Trad. Pablo di Masso. Barcelona: Península. [Orixinal inglés de 1977]



unidade **didáctica** 9

HISTORIA COMPARADA DA LITERATURA. FUNDAMENTOS EPISTEMOLÓXICOS E METODOLÓXICOS

César Domínguez Prieto
Área de Teoría da Literatura Comparada
Facultade de Filoloxía



© Universidade de Santiago de Compostela, 2008

Deseño
Unidixital

Edita
Vicerreitoría de Cultura
da Universidade de Santiago de Compostela
Servizo de Publicacións
da Universidade de Santiago de Compostela

Imprime
Unidixital
Servizo de Edición Dixital da
Universidade de Santiago de Compostela

Dep. Legal: C 861-2008
ISBN 978-84-9750-927-5

ADVERTENCIA LEGAL: reservados todos os dereitos.
Queda prohibida a duplicación parcial ou total desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos editores.

modelo de comunicación de normas sociais". En *Experiencia estética y hermenéutica literaria*. Trads. Jaime Siles e Ela M^a Fernández Palacios. Madrid: Taurus. 393-430. [Orixinal alemán de 1977]

- Koselleck, Reinhart. 1993. Futuro pasado. Para una semántica de los tiempos históricos. Trad. Norberto Smilg. Barcelona: Paidós. [Orixinal alemán de 1979]
- Kubler, George. 1970. "Period, Style and Meaning in Ancient American Art". New Literary History. A Journal of Theory and Interpretation. 1.2: 127-144.
- Kubler, George. 1988. La configuración del tiempo. Observaciones sobre la historia de las cosas. Trad. Jorge Luján Muñoz. Madrid: Nerea. [Orixinal inglés de 1962]
- Kushner, Eva, ed. 1984. Renouvellements dans la théorie de l'histoire littéraire. Ottawa : Société Royale du Canada.
- Leerssen, Joep. 1999. "For a Post-foucauldian literary history: A test case from the Gaelic tradition". Configurations. 7: 227-245.
- Mignolo, Walter. 1989. "Colonial situations, geographical discourses and territorial representations: Toward a diatopical understanding of colonial semiosis". Dispositio. American Journal of Semiotic and Cultural Studies. 36-38: 93-140.
- Mignolo, Walter. 1991. "Canon and corpus: An alternative view of comparative literary studies in colonial situations". Dedalus. Revista Portuguesa de Literatura Comparada. 1: 219-243.
- Mignolo, Walter. 1991. "Remodeling the letter: Literacy and literature in the intersection of semiotics and literary studies". En On Semiotic Modeling. Eds. M. Anderson e F. Merrell. The Hague: Mouton de Gruyter. 357-394.
- Mignolo, Walter. 1992. "On the colonization of Amerindian languages and memories: Renaissance theories of writing and the discontinuity of the classical tradition". Comparative Studies in Society and History. 34.2: 301-330.
- Mignolo, Walter. 1997. "Espacios geográficos y localizaciones epistemológicas o la *ratio* entre la localización geográfica y la subalternización de conocimientos". Filología. 30.1-2: 63-81.
- Mignolo, Walter. 2003. Historias locales/diseños globales. Colonialidad, conocimientos subalternos y pensamiento fronterizo. Trads. Juan María Madariaga e Cristina Vega Solís. Madrid: Akal. [Orixinal inglés de 2000].
- Moretti, Franco. 2005. Graphs, Maps, Trees. Abstract models for a literary history. London: Verso.
- Neubauer, John. 2003. "Gleichzeitigkeit des Ungleichzeitigen or literary history with multiple timelines". Neohelicon. Acta Comparationis Litterarum Universarum. 30.2: 65-70.
- Nisbet, Robert A. 1981. Historia de la idea de progreso. Barcelona: Gedisa. [Orixinal inglés de 1980]
- North, Michael. 2001. "Virtual Histories: The Year as Literary Period". Modern

Kocmanová. Bratislava: Veda.

- Đurišin, Dionýz. 1985. Aspects ontologiques du processus inter-littéraire. Bratislava : Veda.
- Đurišin, Dionýz. 1989. Theory of interliterary process. Trad. Jessie Kocmanová e Zdeněk Pištek. Bratislava: Veda.
- Espagne, Michel. 1993. Le Paradigme de l'étranger. Les chaires de littérature étrangère au XIX^e siècle. Paris: Éditions du Cerf.
- Even-Zohar, Itamar. 1999. "Planificación de la cultura y mercado". Trad. Monserrat Iglesias Santos. En Teoría de los polisistemas. Ed. Monserrat Iglesias Santos. Madrid: Arco/Libros. 71-96. [Orixinal inglés inédito de 1994]
- Ezell, Margaret J. M. 1993. Writing women's literary history. Baltimore: The Johns Hopkins University Press.
- Fabian, Johannes. 1983. Time and the other: How anthropology makes its object. New York: Columbia University Press.
- Fehrman, Carl. 2003. Du repli sur soi au cosmopolitisme. Essai sur la genèse et l'évolution de l'histoire comparée de la littérature. [Paris]: Michel de Maule.
- Fraisse, Luc. 2002. « Un théoricien de la périodisation littéraire: Saint-René Taillandier d'après ses cours inédits (1843-1877) ». Revue d'histoire littéraire de la France: 102.5: 771-788.
- Fumaroli, Marc et al., eds. 2000. Identité littéraire de l'Europe. Paris: Presses Universitaires de France.
- Gadoll, Joan Kelly. 1977. "Did women have a Renaissance?". En Becoming Visible: Women in European History. Eds. Renate Bridenthal y Claudia Koonz. Boston: Houghton Mifflin. 137-164.
- Gérard, Albert S. 1983. "Cartographie de l'Afrique littéraire: Le projet 'HALEL'". Neohelicon: Acta comparationis litterarum universarum. 10.2: 253-274.
- Gnisci, Armando. 2001. Una storia diversa. Roma: Meltemi.
- Gnisci, Armando. 2003. Creolizzare l'Europa. Letteratura e migrazione. Roma: Meltemi.
- Gnisci, Armando. 2004. Via della decolonizzazione europea. Isernia: Cosmo Iannone.
- Gnisci, Armando. 2004. Biblioteca interculturale. Roma: Odradek.
- Guillén, Claudio. 1998. Múltiples moradas. Ensayo de literatura comparada. Barcelona: Tusquets.
- Guillén, Claudio. 2005. Entre lo uno y lo diverso. Introducción a la literatura comparada (ayer y hoy). Barcelona: Tusquets.
- Gumbrecht, Hans Ulrich. 1997. In 1926: Living at the edge of time. Cambridge, Mass.: Harvard University Press.
- Hobsbawn, Eric e Terence Ranger. 1983. The invention of tradition. Cambridge: Cambridge University Press.
- Hollier, Denis, ed. 1989. A new history of French literature. Cambridge, Mass.: Harvard University Press.
- Jauss, Hans Robert. 1986. "La Douceur du foyer. La lírica del año 1857 como

MATERIA: INTRODUCCIÓN Á LITERATURA COMPARADA
TITULACIÓN: LICENCIATURA EN FILOLOXÍA HISPÁNICA
PROGRAMA XERAL DO CURSO
Localización da presente unidade didáctica

UNIDADE I. A LITERATURA COMPARADA E AS DISCIPLINAS DA CIENCIA LITERARIA

UNIDADE II. LITERATURA COMPARADA: DEFINICIÓNS

UNIDADE III. PARADIGMAS DA LITERATURA COMPARADA

UNIDADE IV. DOMINIOS E METODOLOXÍA COMPARATISTAS

UNIDADE V. LITERATURA COMPARADA E FORMACIÓN DO CANON

UNIDADE VI. A RECEPCIÓN LITERARIA: AS FORMAS DO CONTACTO

UNIDADE VII. LITERATURA COMPARADA E TRADUCIÓN

UNIDADE VIII. LITERATURA COMPARADA E EMERXENCIA LITERARIA

UNIDADE IX. HISTORIA COMPARADA DA LITERATURA

- Tema 1. O concepto de historia literaria nacional e comparada
- Tema 2. Os paradigmas teóricos da historia literaria
- Tema 3. Fundamentos epistemolóxicos da historia literaria comparada
- Tema 4. Sistemas literarios: teoría do proceso interliterario
- Tema 5. Periodoloxía: as articulacións epocais

UNIDADE X. INVESTIGACIÓN COMPARATISTA: SEMINARIO PRÁCTICO

University Press.

- D'haen, Theo. 1996. Writing nation, writing region in America. Amsterdam: VU Press.
- D'haen, Theo. 1999. "Post-colonial writing and postmodern literary historiography". Neohelicon: Acta comparationis litterarum universarum. 26.2: 19-29.
- Didier, Béatrice, ed. 1998. Précis de littérature européenne. Paris: Presses Universitaires de France.
- Domínguez, César. 2001. "Las cruzadas en la fundación del Comparatismo. Algunas nociones de geografía literaria y periodología comparadas". Boletín de la Sociedad Castellonense de Cultura. 77: 253-314.
- Domínguez, César. 2004. "Imaginario e historia literaria. El caso de la Península Ibérica como geografía literaria orientalizada en el marco europeo". En La literatura en la literatura. Actas del XIV Simposio de la Sociedad Española de Literatura General y Comparada. Ed. Magdalena León Gómez. Alcalá de Henares: Centro de Estudios Cervantinos. 525-532.
- Domínguez, César. 2004. "Periodología, cambio literario e historia comparada: apuntes metodológicos". En Bases metodológicas para unha historia comparada das literaturas da península Ibérica. Eds. Anxo Abuín González e Anxo Tarrío Varela. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. 121-152.
- Domínguez, César. 2006. "Fuentes principales para el estudio de la Literatura Comparada: I. Introducción. Manuales". En Campus Stellae. Haciendo camino en la investigación literaria. Eds. Dolores Fernández López e Fernando Rodríguez-Gallego. 2 vols. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. 1: 53-69.
- Domínguez, César. 2006. "Literary emergence as a case study of theory in comparative literature". CLCWeb: Comparative Literature and Culture: A WWWeb Journal. 8.2. Accesíbel en <http://clcwebjournal.lib.purdue.edu/clcweb06-2/dominguez06.html>
- Domínguez, César. 2006. "The south European Orient: A comparative reflection on space in literary history". Modern Language Quarterly: A Journal of Literary History. 67.4: 419-449.
- Domínguez, César. 2006. "Os horizontes da teoría interliteraria na Península Ibérica: recepción e campo de probas". En A Literatura Comparada hoxe. Eds. Anxo Abuín González e César Domínguez, Boletín Galego de Literatura, 34. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. vol. 2. 37-65.
- Domínguez, César. "Medieval literatures as a challenge to comparative literature. A reflection on non-national cultural formations". Canadian review of comparative literature. Nº monográfico coordinado por Jean Bessière. [no prelo].
- Đurišin, Dionýz. 1974. Sources and systematics of comparative literature. Trad. Peter Tkáč. Bratislava: Univerzita Komenského.
- Đurišin, Dionýz. 1984. Theory of literary comparatistics. Trad. Jessie

Acta comparationis litterarum universarum. 30.1: 117-125.

- Cabo Aseguinolaza, Fernando. 2003. "An aftermath consideration on the role of teleology in Iberian literary historiographies". Neohelicon: Acta comparationis litterarum universarum. 30.2: 85-96.
- Cabo Aseguinolaza, Fernando. 2003. "La dimensión geoliteraria de la historiografía literaria española". En El espacio en la narrativa moderna en lengua española. Coloquio internacional Universidad Eötvös Loránd, Budapest 12-13 de mayo de 2003. Eds. Gabriella Menczel e László Scholz. Budapest: Eötvös József Könyvkiadó. 8-25.
- Cabo Aseguinolaza, Fernando. 2004. "La cronopolítica. Noción y ámbito". En Largo mundo alumado. Estudos em homenagem a Vítor Aguiar e Silva Eds. Carlos Mendes de Sousa e Rita Patrício. Braga: Centro de Estudos Humanísticos – Universidade do Minho. 299-315.
- Cabo Aseguinolaza, Fernando. 2004. "El giro espacial de la historiografía literaria". En Bases metodológicas para unha historia comparada das literaturas na península Ibérica. Eds. Anxo Abuín González e Anxo Tarrío Varela. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. 21-43.
- Cabo Aseguinolaza, Fernando. 2006. "Dead, or a picture of good health? Comparatism, Europe, and world literature". Comparative Literature. 58.2: 418-435.
- Caramaschi, Enzo. 1997. "Sull'idea di 'generazioni'". Neohelicon: Acta comparationis litterarum universarum. 24.1: 115-130.
- Casanova, Pascale. 2001. La República mundial de las letras. Trad. Jaime Zulaika. Barcelona: Anagrama. [Orixinal francés de 1999]
- Casas, Arturo. 2000. "Problemas de historia comparada: la comunidad interliteraria ibérica". Interlitteraria. 5: 56-75.
- Casas, Arturo. 2003. "Sistema interliterario y planificación historiográfica a propósito del espacio geocultural ibérico". Interlitteraria. 8: 68-97.
- Casas, Arturo. 2004. "Catro modelos para a nova Historia literaria comparada. Unha aproximación epistemolóxica". En Bases metodológicas para unha historia comparada das literaturas na península Ibérica. Eds. Anxo Abuín González e Anxo Tarrío Varela. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. 45-71.
- Chandler, James. 1998. England in 1819: The Politics of Literary Culture and the Case of Romantic Historicism. Chicago: University of Chicago Press.
- Chmel, Rudolf. 1972. Literatúry v kontaktoch [Literaturas en contacto]. Bratislava: s.e.
- Cornis-Pope, Marcel e John Neubauer. 2002. Towards a History of the Literary Cultures in East-Central Europe: Theoretical Reflections. New York: American Council of Learned Societies.
- Coutinho, Eduardo de Faria. 2003. "Rewriting Latin American literary history". Neohelicon: Acta comparationis litterarum universarum. 30.1: 103-108.
- Damrosch, David. 2003. What is world literature? Princeton: Princeton

ÍNDICE

Presentación.....	7
Os obxectivos.....	9
Os principios metodolóxicos	9
Os contidos básicos	10
1. O CONCEPTO DE HISTORIA LITERARIA NACIONAL E COMPARADA.....	10
2. OS PARADIGMAS TEÓRICOS DA HISTORIA LITERARIA.....	14
3. FUNDAMENTOS EPISTEMOLÓXICOS DA HISTORIA LITERARIA COMPARADA.....	22
4. SISTEMAS LITERARIOS: TEORÍA DO PROCESO INTERLITERARIO	26
5. PERIODOLOXÍA: AS ARTICULACIÓNS EPOCAIS	31
A posta en práctica desta unidade no traballo final do curso	39
Anexo: Exemplos de propostas de textos para a súa discusión na clase.....	40
Obras citadas.....	45
Bibliografía relevante.....	47

BIBLIOGRAFÍA RELEVANTE

[A selección das referencias obedece especificamente á concreción pedagóxica desta unidade docente nas aulas universitarias. Obviamente, a cada tema acompaña un elenco bibliográfico concreto, así como outros recursos (publicacións periódicas especializadas, números monográficos de publicacións periódicas, enlaces electrónicos, bases de datos, etc.)]

- Abuín González, Anxo e Anxo Tarrío Varela, eds. 2004. Bases metodolóxicas para unha historia comparada das literaturas na península Ibérica. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Aravamudan, Srinivas. 2001. "The return of anachronism". Modern language quarterly. 62.4: 331-353.
- Aullón de Haro, Pedro, Jesús García Gabaldón e Santiago Navarro Pastor, eds. 2002. Juan Andrés y la teoría comparatista. Valencia: Biblioteca Valenciana.
- Backès, Jean-Louis. 1996. La Littérature européenne. Paris: Belin.
- Bakoš, M. 1967. "Zum Problem der Periodisierung interliterarischer Beziehungen". Slavica Slovaca. 2: 105-117.
- Ballón Aguirre, Enrique. 1987. "Historiografía de la literatura en sociedades plurinacionales (multilingües y pluriculturales). Un escorzo". Filología. 22.2: 5-25.
- Baneth-Nouailhetas, Émilienne et Claire Joubert, eds. 2006. Comparer l'étranger. Enjeux du comparatisme en littérature. Rennes : Presses Universitaires de Rennes.
- Bauer, Roger. 1995. "Un cas de pluricentralité culturelle: la littérature en Allemagne et en Autriche". Compararistica. 7: 79-96.
- Biti, V. 1998. "Periodization as a technique of cultural identification". Arcadia: Zeitschrift für Vergleichende Literaturwissenschaft. 33: 182-189.
- Bleicher, Thomas. 1981. "Literaturkomplexe in komparatistischer Perspektive". Neohelicon: Acta comparationis litterarum universarum. 8.2: 9-52.
- Bojtár, Endre. 2002. "On the comparative study of the region's literature". Neohelicon: Acta comparationis litterarum universarum. 29.1: 27-33.
- Bouazis, Charles, ed. 1972. Analyse de la périodisation littéraire. Paris: Éditions Universitaires.
- Buescu, Helena Carvalhão. 1991. "Gravitações: Literatura comparada e história literária". Dedalus: Revista portuguesa de literatura comparada. 1: 207-217.
- Buescu, Helena Carvalhão. 2001. Grande angular. Comparatismo e práticas de comparação. [Lisboa]: Fundação Calouste Gulbenkian – Fundação para a Ciência e a Tecnologia.
- Cabo Aseguinolaza, Fernando. "National canon formation as interliterary process: The Spanish case". Literary Research/Recherche littéraire. Vol. 18, nº 45.
- Cabo Aseguinolaza, Fernando. 2003. "Geography and literature: On a comparative history of the literatures of the Iberian peninsula". Neohelicon:

- Valdés, Mario J. e Linda Hutcheon. 1994. *Rethinking literary history—comparatively*. s.l.: American Council of Learned Societies.
- Van Tieghem, Paul. 1946. *La Littérature comparée*. 3ª ed. Paris: Armand Colin. 1ª ed., 1931.
- Weisstein, Ulrich. [1975]. *Introducción a la literatura comparada*. Trad. Mª Teresa Piñel. Barcelona: Planeta. Orixinal alemán de [1968].
- Wellek, René. 1970. "English literary historiography during the nineteenth century". En *Discriminations: Further concepts of criticism*. New Haven: Yale University Press. 143-163.

PRESENTACIÓN

A necesidade de incluír nun programa da materia *Introducción á Literatura Comparada* unha unidade consagrada á historia comparada da literatura resulta evidente, pois, como se comprobará nos diversos epígrafes que compoñen a unidade, a propia historia institucional da disciplina é en boa medida a da súa conformación como *histoire littéraire comparée*. En efecto, os estudos comparatistas propiamente ditos xorden no tránsito do século XVIII ao primeiro romanticismo do XIX, cando a idea de *literatura nacional*, asentada no sentido moderno de diferenciación histórica, é obxecto de elaboración teórica, de xeito que a literatura comparada viría a conciliar esa aparente contradición romántica que implica a súa oscilación entre *cosmopolitismo* e *nacionalismo*. Así, cómpre recoñecer con Claudio Guillén que esta disciplina "é un proxecto plausible dende o momento en que, por unha parte, hai unha pluralidade de literaturas modernas que se recoñecen a si mesmas como tales e, por outra, a poética unitaria ou absoluta cesar de ser o modelo vixente" (1985: 42). Os primeiros cursos e conferencias comparatistas impartidos nas universidades e outras institucións académicas francesas propoñen, precisamente, ben como obxecto de discusión, ben como construción historiográfica máis ou menos perfilada, unha *histoire littéraire comparée*. No seu formato prototípico, non é máis que unha *histoire littéraire européenne*, herdeira das historias literarias "universais" do primeiro setecentos e dos desenvolvementos das gramáticas comparadas das linguas europeas, segundo o principio polo que o capítulo de apertura dunha historia literaria debe deliñar a historia da lingua que esa literatura emprega como material de base. Entre 1828 e 1829, Abel-François Villemain dita na Sorbona un *Cours de littérature française*. Articulado a partir da xénese das "literaturas nacionais" (as "maiores" literaturas vernáculas da Europa medieval) e da súa fase culminante (o século XVIII), publícase en 1830 e reúne o *Tableau de la littérature au Moyen Âge en France, en Italie, en Espagne et en Angleterre* e o *Tableau de la littérature au XVIII^e siècle*. Dous anos máis tarde, Jean-Jacques Ampère inaugura o *Cours de littérature comparée* da mencionada universidade coa conferencia titulada "La Littérature française dans ses rapports avec les littératures étrangères au Moyen Âge", xermolo da *Histoire de la littérature française au Moyen Âge, comparée aux littératures étrangères*, de 1841. En 1843 publícase a *Histoire comparée des littératures espagnole et française*, de Louis-Adolphe de Puybusque, e en 1849 os *Études sur l'Espagne et sur les influences de la littérature espagnole en France et en Italie*, de Philarète Chasles. Precisamente un século máis tarde, Jacques Voisine plantexa no IV Congreso da International Comparative Literature Association (ICLA) a necesidade de que esta asociación emprenda un traballo de escala internacional orientado cara á execución dunha *Histoire comparée* das literaturas en linguas europeas, un proxecto que é obxecto de desenvolvemento aínda hoxe en día, ao tempo que Ulrich Weisstein afirma que "ao ser a literatura comparada unha rama da historia da literatura en xeral non ten máis remedio que dedicarse á desagradábel tarefa de poñer un pouco de orde no caos reinante, tal como é a obriga de toda ciencia orientada cara ao histórico" ([1968]/[1975]: 201).

Máis aló da postura manifestada por Weisstein, herdeira do comparatismo factualista que sitúa a historia comparada no ámbito dunha *littérature générale* na liña de Paul Van Tieghem, e que aquí cómpre cuestionar a partir dos deslindes epistemolóxicos expostos na unidade I, debemos considerar con Guillén que “o itinerario temporal da literatura é un proceso complexo e selectivo de acrecentamento. Os sistemas literarios evolucionan dun xeito moi especial, que se caracteriza pola continuidade de certos compoñentes, a desaparición doutros, o espertar de posibilidades esquecidas, a veloz irrupción de novidades, o efecto retardado doutras” (1985: 370), unha serie de factores verbo dos cales tan só a literatura comparada parece ter reflexionado. De feito, os manuais programáticos da disciplina (para un achegamento a estes manuais, véxase Domínguez 2006, “Fuentes principales”) reservan, en termos xerais, un lugar substancial a estas cuestións, dende Van Tieghem (1931/1946) até Gnisci (1999/2002), se ben a énfase recae, por unha parte, no estudo das influencias internacionais e os problemas periodolóxicos e, por outra, na concentración no espazo europeo, como o testemuñan de xeito paradigmático Souiller e Troubetzkoy co seu *approche comparatiste des histoires littéraires* (1997: 309-616), limitado en realidade á recepción da antigüidade grecolatina e ao estudo das literaturas francesa, italiana, alemá, rusa e escandinava, de maneira illada e con parcial superación da perspectiva eurocéntrica a través de codas como *l’apport du roman nord-américain para le domaine anglo-saxon* ou *l’apport sud-américain para le monde hispanique*.

Con esta unidade, composta por cinco temas, preténdese presentar aos estudantes de literatura comparada un repertorio de problemas teóricos que afectan á posibilidade dunha historia comparada da literatura máis alá de calquera especificación xeocultural. Evidentemente, a súa concreción pedagóxica non poderá circunscribirse en exclusiva aos contidos incluídos nesta presentación, xa que unha historia comparada implica unha gama de asuntos que tamén son obxecto de estudo noutras unidades do programa xeral da materia. Compréndese así que non se repita agora aquilo que xa se examinou con certo detalle, nin se opte pola presentación de esquemas ou resumos.

A unidade ábrese co Tema 1, que posúe un enfoque eminentemente introdutorio co obxecto de contrastar as ideas de “literatura nacional” e “literatura comparada”, xa que entre elas parece establecerse unha relación de implicación mutua. A dita introdución séguelle unha comprensión de ambas as dúas propostas historiográficas no marco dos diversos paradigmas historiolóxicos (Tema 2) e un exame máis detido dos fundamentos epistemolóxicos que subxacen á composición dunha historia literaria comparada (Tema 3). A segunda parte da unidade resérvase ao estudo de dous argumentos máis específicos, como son un modelo teórico de historiografía comparatista, xeralmente desatendido, vinculado aos procesos interliterarios (Tema 4), e a periodoloxía en canto problema central da historiografía literaria en termos xerais e da comparada en particular (Tema 5).

Finalmente, parece oportuno subliñar o marco institucional e académico que a USC ofrece para o estudo dos contidos relativos á historia literaria comparada, dende a inclusión dunha materia optativa como *Teoría da Historia Literaria* nos planos de estudo filolóxicos até diversos seminarios

OBRAS CITADAS

- Anderson, Benedict. 1983. *Imagined communities: Reflections on the origin and spread of nationalism*. London: Verso.
- Bassel, Naftoli. 1991. “National literature and Interliterary System”. *Poetics Today*. 12.4: 773-780.
- Ben-Porat, Ziva. 1992. “Universals of literary history”. En *Comparative literary history as discourse. In honor of Anna Balakian*. Eds. Mario J. Valdés, Daniel Javitch e A. Owen Aldridge. Bern: Peter Lang. 115-133.
- Chevrel, Yves. 1994. “Problemas de una historiografía literaria comparatista: ¿es posible una ‘Historia comparada de las literaturas en lenguas europeas’?”. En *Compendio de literatura comparada*. Eds. Pierre Brunel e Yves Chevrel. Trad. Isabel Vericat Núñez. México: Siglo Veintiuno. 347-373. Orixinal francés de 1989.
- Corstius, J. Brandt. 1966. “Writing histories of world literature”. *Yearbook of comparative and general literature*. 12: 5-14.
- Đurišin, Dionýz et al. 1987-1993. *Osobitné medziliterárne spoločenstvo* [Comunidades interliterarias específicas]. 6 vols. Bratislava: Veda-Ústav svetavej literáry.
- Đurišin, Dionýz e Armando Gnisci, eds. 2000. *Il Mediterraneo. Una rete inter-letteraria*. Roma: Bulzoni.
- Gálik, Marian. 1996. “Comparative literature in Slovakia”. *Canadian review of comparative literature / Revue canadienne de littérature comparée*. 23.1: 101-111.
- Gnisci, Armando, ed. 2002. *Introducción a la literatura comparada*. Trad. Luigi Giuliani. Barcelona: Crítica. Traducción da 2ª ed., 2002. Orixinal de 1999.
- Guillén, Claudio. 1985. *Entre lo uno y la diverso. Introducción a la literatura comparada*. Barcelona: Crítica
- Guillén, Claudio. 1989. *Teorías de la historia literaria (Ensayos de Teoría)*. Madrid: Espasa-Calpe.
- Hutcheon, Linda. 2002. “Rethinking the national model”. En *Rethinking literary history. A dialogue on theory*. Eds. Linda Hutcheon e Mario J. Valdés. Oxford: Oxford University Press. 3-49.
- Moisan, Clément. 1997. *L’Histoire littéraire*. 2ª ed. Corrixida. Paris: PUF. 1ª ed., 1990.
- Perkins, David, 1992. *Is literary history possible?* Baltimore: The Johns Hopkins University Press.
- Souiller, Didier e Wladimir Troubetzkoy, eds. 1997. *Littérature comparée*. Paris: Presses Universitaires de France.
- Valdés, Mario J. 1992. “Why comparative literary history”. En *Comparative literary history as discourse. In honor of Anna Balakian*. Eds. Mario J. Valdés, Daniel Javitch e A. Owen Aldridge. Bern: Peter Lang. 3-20.
- Valdés, Mario J. 1999. “Postmodern literary history or reading history as hypertext”. *Neohelicon: Acta comparationis litterarum universarum*. 26.2: 11-17.

la percibiríamos; vale decir, no existiría. El poema *Fears and Scruples* de Robert Browning profetiza la obra de Kafka, pero nuestra lectura de Kafka afina y desvía sensiblemente nuestra lectura del poema. Browning no leía como ahora nosotros lo leemos. En el vocabulario crítico, la palabra precursor es indispensable, pero habría que tratar de purificarla de toda connotación de polémica o de rivalidad. El hecho es que cada escritor crea sus precursores. Su labor modifica nuestra concepción del pasado, como ha de modificar el futuro. En esta correlación nada importa la identidad o la pluralidad de los hombres. El primer Kafka de *Betrachtung* es menos precursor del Kafka de los mitos sombríos y de las instituciones atroces que Browning o Lord Dunsany.

Jorge Luis Borges, «Kafka y sus precursores», en *Obras completas*, ii: *Otras inquisiciones* (1952; Barcelona: Círculo de Lectores, 1992), pp. 303 e 304-305.

Posíbeis cuestións de reflexión e debate

1. O modelo dos «precursores» como formación pseudohistórica da historiografía literaria
2. Periodoloxía como forma da recepción literaria
3. Liñalidade das influencias fronte a «influencias a saltos»

especializados de Terceiro Ciclo, ofrecidos pola Área de Teoría da Literatura e Literatura Comparada, entre outras.

OS OBXECTIVOS

- Fomentar a reflexión verbo dos problemas teóricos que afectan á posibilidade dunha historia comparada da literatura máis alá de calquera especificación xeocultural.
- Introducirse no cuestionamento das ideas de “literatura nacional” e “literatura comparada”.
- Achegarse a unha comprensión das propostas historiográficas no marco dos diversos paradigmas historiolóxicos.
- Identificar os fundamentos epistemolóxicos que subxacen á composición dunha historia literaria comparada.
- Coñecer os modelos periodolóxicos en canto problema central da historiografía literaria en termos xerais.
- Familiarizarse cunha proposta teórica-metodolóxica específica no eido da historia literaria comparada: a teoría do proceso inter-literario.
- Seleccionar e localizar recursos de produtividade historiográfica.
- Avaliar e comentar os distintos documentos achegados polo alumnado.

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

- Fomentaremos a participación do alumnado, tratado este non como colectivo, senón como individualidades con distintos procesos formativos.
 - Propoñeremos actividades e exercicios prácticos que desenvolvan diferentes aspectos dos contidos que deban aprenderse e sexan representativas das habilidades que deban adquirirse.
 - Expoñeremos os principios teóricos como conclusións do grupo, na medida do posíbel, tratados a partir de exercicios prácticos.
 - O novo marco teórico irase introducindo tendo en conta os coñecementos previos do alumnado.
-

OS CONTIDOS BÁSICOS

1. O CONCEPTO DE HISTORIA LITERARIA NACIONAL E COMPARADA

O presente Tema 1 está concibido como unha introdución ao estudo da historia literaria comparada, polo que a súa concreción nas aulas pode adquirir diversos formatos en función da formación dos estudantes. En calquera caso, parece oportuno limitar esta introdución á interdependencia básica entre os modelos de historia literaria nacional e comparada. Non en balde, esta segunda fórmula foi pensada de xeito moi persistente como a narración da rede de interaccións entre diversas literaturas nacionais. Dende este punto de vista, a reflexión podería iniciarse cun exame da profunda impronta ideolóxica que se aprecia no acto da escrita dunha historia literaria “nacional” —non é menor, evidentemente, o da escrita dunha historia literaria “comparada”—, o que debe conducir a unha mínima exposición verbo do xurdimento no século XVIII dunha nova mentalidade poética, asentada na ruptura das formulacións debido ao Ciclo Clasicista. Atopámonos diante o que se pode denominar “Poética Ilustrada e Romántica”, se ben quizabes sexa máis exacto non establecer unha fisura entre ambos os dous momentos teóricos.

Coa poética ilustrada e romántica instáurase unha concepción da literatura que ten as súas débedas xa non co concepto de “mímese”, senón co da “expresión”. Fúndase así o moderno concepto de “literatura”, substituto do concepto de “poesía”. Fronte a unha restrición de tipo social polo que á autoría e a recepción se refire, coa “literatura” a restrición desprázase á propia obra, ás súas características estéticas que a singularizan como “literaria”. Engádase a isto que dita substitución supuxo así mesmo que a “literatura” xa non se concibira en termos de condición respaldada pola autoridade (*auctoritas*), senón como produto da actividade intelectual á par que o seu propio obxecto de estudo, co que se produce o xurdimento da crítica literaria como actividade autónoma. Ten lugar, polo tanto, a institucionalización da literatura dende a propia actividade literaria. A este respecto cómpre considerar, por exemplo, unha figura como a de Samuel Johnson, estimado o primeiro escritor inglés que practicou a crítica en canto xénero “literario” con *Lives of Poets*, de 1777, nunha tradición construída dende Pope co *Essay on Criticism*, de 1711.

Outra das cuestións vertebradoras da poética ilustrada e romántica radica nunha reflexión xenealóxica verbo da literaturas e as súas orixes. Para esta reflexión pode tomarse como punto de partida a Condillac co *Essai sur l'origine des connaissances humaines*, de 1746, no que se establece que os signos son absolutamente necesarios para o acto primario da razón, a institución de relacións entre as ideas. Dende este punto de vista, a investigación de Condillac acerca da orixe do coñecemento humano preséntase, en realidade, como unha investigación verbo das orixes dos signos lingüísticos, grazas aos cales as ideas se relacionan e se forma o coñecemento. Condillac deliña unha historia na que os signos naturais, ou “gritos da paixón”, son paulatinamente reemplazados polos signos institucionais ou sons articula-

bre de faits littéraires spécifiques non-européens et, par conséquent, elles n'enrichissaient pas l'ensemble de connaissances de théorie littéraire des formes et des expressions originales. [...]

Il s'agit ici du fait que la théorie générale, ainsi que l'histoire de la littérature, devrait prendre en considération et saisir par ses catégories la variabilité du particulier représentée par les communautés interlittéraires à tendance centriste, aussi bien que par les communautés interlittéraires qui n'ont pas de tendances centristes. [...] Les centrismes interlittéraires représentent l'avant-dernier degré de l'étude du processus interlittéraire qui permet de centrer l'attention à la catégorie finale de l'interlittérarité — la littérature mondiale.

Đurišin et al. (1987-1993: vi, 24-25).

Posíbeis cuestións de reflexión e debate

1. En que sentidos os centrismos literarios superan as comunidades interliterarias?
2. Como determinan os centrismos literarios a categoría da «literatura mundial»?
3. Papel do eurocentrismo occidental na historia da teoría literaria e na historia literaria. Reflexiónese acerca dos procedementos construtivos das «historias literarias universais»

Tema 5

Yo premedité alguna vez un examen de los precursores de Kafka. A éste, al principio, lo pensé tan singular como el fénix de las alabanzas retóricas; a poco de frecuentarlo, creí reconocer su voz, o sus hábitos, en textos de diversas literaturas y de diversas épocas. Registraré unos pocos aquí, en orden cronológico.

El primero es la paradoja de Zenón contra el movimiento. Un móvil que está en A (declara Aristóteles) no podrá alcanzar el punto B, porque antes deberá recorrer la mitad del camino entre los dos, y antes, la mitad de la mitad, y antes la mitad de la mitad, y así hasta lo infinito; la forma de este ilustre problema es, exactamente, la de El Castillo, y el móvil y la flecha y Aquiles son los primeros personajes kafkianos de la literatura. En el segundo texto que el azar de los libros me deparó, la afinidad no está en la forma sino en el tono. Se trata de un apólogo de Han Yu, prosista del siglo xi, y consta en la admirable *Anthologie raisonnée de la littérature chinoise* (1948) de Margoulié. [...]

El tercer texto procede de una fuente más previsible; los escritos de Kierkegaard. La afinidad mental de ambos escritores es cosa de nadie ignorada; lo que no se ha destacado aún, que yo sepa, es el hecho de que Kierkegaard, como Kafka, abundó en parábolas religiosas de tema contemporáneo y burgués. [...]

Si no me equivoco, las heterogéneas piezas que he enumerado se parecen a Kafka; si no me equivoco, no todas se parecen entre sí. Este último hecho es el más significativo. En cada uno de esos textos está la idiosincrasia de Kafka, en grado mayor o menor, pero si Kafka no hubiera escrito, no

There is, however, no getting around the basic fact that narrativization imposes a sense of order and this in turn implies purpose which, without question, imposes closure on the historical events under scrutiny. The question of narrative authority is not only linked to the multiple truth-claims the historical narrative proposes to the reader, but primarily on the historian's explication of causality. [...]

Narrativization in comparative literary history expresses direction and purpose and, consequently, maps out a quasi plot for the events, but because of the stratified paradigm, these proposals are advanced by drawing from the wealth of data offered in the social context and presented as interpretive versions. It is somewhat like the making of a Roman mosaic. The picture must be made from a specific number of stones, a limited range of colours and in a limited enclosure, but there is an almost limitless variety of depictions possible; the only limitations lie in the authority of the artist and the skill, imagination and representational repertoire of the time.

Valdés (1999: 16 e 17).

Posíbeis cuestións de reflexión e debate

1. Comunidades interliterarias: obxecto prototípico da historiografía comparada?
2. Narrativa e autoridade na historiografía literaria. A imaxe do «mosaico»
3. Periodización interpretativa fronte a nodos temporais

Tema 4

L'étude des communautés interlittéraires spécifiques et standard, outre l'analyse de leur spécificité et leurs caractéristiques, nous mène à l'identification des ensembles encore plus larges, des ensembles régionaux, qui apportent le problème des centrismes interlittéraires. [...]

L'étude des centrismes interlittéraires dépasse les limites des communautés interlittéraires, et cela surtout des communautés du type spécifique, mais en même temps elle résout beaucoup de questions liées aux communautés interlittéraires, et cela non seulement dans le domaine de la théorie littéraire mais aussi de l'histoire littéraire, de la pratique littéraire en général. Si l'histoire littéraire n'explique pas suffisamment les phénomènes nouveaux, des déformations gnoseologiques variées apparaissent, comme l'était et l'est toujours l'eurocentrisme occidental et tous les centrismes interlittéraires. Les questions liées à toute une série de centrismes présents dans la vie littéraire de l'Afrique, de l'Amérique latine, de l'Asie et d'autres pourraient être résolues grâce à l'intensification du processus cognitif de l'histoire littéraire orientée vers l'étude des relations et des lois interlittéraires.

[...] La théorie de la littérature valable jusqu'à présent a généralisé surtout le processus littéraire européen, elle n'a prêté son attention au processus littéraire extra-européen que très rarement. Les catégories issues de la généralisation théorique formulées par cette théorie littéraire européenne ne répondaient pas à la réalité, car elles n'embrassaient pas un bon nom-

dos. Así, mentres que a música, a mímica e a danza se vinculan aos signos naturais da paixón, a metáfora atópase ligada aos sons articulados no seu obxectivo de pintar as paixóns no mundo. Esta aproximación á linguaxe literaria foi proseguida por Jean-Jacques Rousseau co *Discours sur l'origine de l'inégalité parmi les hommes*, de 1754, e o *Essai sur l'origine des langues*, de 1740-1750, e plasmarase en nocións básicas como a expresividade da poesía e o autor como xenio.

Esta investigación xenealóxica da literatura constitúe, precisamente, o fundamento do desenvolvemento dunha historiografía literaria de ámbito nacional, no sentido de que o suxeito da predicación desa escrita historiográfica non é xa o xenio individual, senón a suma de todas esas individualidades que conforman o xenio "nacional" en consonancia coa superposición da tríade romántica *Volk, Geist e Dichtung*. Un dos fundadores máis sobranceiros da historiografía literaria nacional é Johann Gottfried Herder, quen, co seu postulado da "crítica comprensiva", fai fincapé na necesidade de determinar a encarnación da autoconsciencia espiritual que, á súa vez, esixe o coñecemento das condicións materiais e espirituais que posibilitaron a específica evolución literaria nacional. E se o principio da expresión do mundo dominante do creador literario se despraza ao do mundo dominante da colectividade, comprenderase a idea herderiana do relativismo cultural, en tanto que cada cultura posúe os seus propios valores, polo que non debe ser xulgada mediante modelos alleos (pénsese na crítica que Herder dirixe a Johann Joachim Winckelmann pola súa sobrevaloración da arte grega con respecto á exipcia). Engádase a todo isto outro pilar do método histórico de Herder: o recoñecemento de que no seo de cada nación os parámetros artísticos son susceptíbeis de variación dun período a outro. En *Ideen zur Philosophie der Geschichte der Menschheit* (1784-1791), Herder, a partir de analoxías orgánicas, fai fincapé nos contextos físicos, sociais e morais para determinar o desenvolvemento progresivo do "carácter nacional". Así, a "literatura nacional" (*Volkspoesie*) concíbese como o produto de todo un pobo que loita por manifestarse, de xeito que cada nación, e a súa respectiva literatura, se estima como universal e única á vez no conxunto de todas as nacións.

Neste sentido, a escrita dunha historia literaria nacional confórmasse como un acto de lexitimación da propia identidade comunitaria, pois con ela se enfatiza a especificidade lingüística, caracterolóxica e cultural, factores que deben estimarse máis dende unha perspectiva funcional que descritiva. A este respecto, será moi conveniente considerar as formulacións de Benedict Anderson (1983) verbo de que o nacional atinxe a unha comunidade que se imaxina a si mesma. Os estudantes atoparán en Ziva Ben-Porat (1992) unha magnífica guía dos trazos universais da historiografía literaria de enfoque nacional, que participa da terceira fase de formación dunha identidade nacional: (1) desenvolvemento dun idioma, (2) emerxencia dunha literatura nese idioma e (3) cristalización da identidade nacional. Así, Ben-Porat afirma: "national identities are not something which are created once and for all. In spite of long periods of geo-political stability, national consciousnesses are evolving constantly. A literary history, in its representation of the national literature, can often—and most likely inadvertently—unveil such subterranean processes

while it sums up the observable changes" (1992: 115). Esta sección pode clausurarse cun exame dos diversos factores ideolóxicos que subxacen á escrita dunha historia literaria nacional. Pénsese en que o propio concepto de "nación" é de conformación recente, ligado á cultura europea, de forma que a idea de "literatura nacional" constitúe a miúdo un anacronismo (valórense a este respecto etiquetas como "literatura medieval española" ou "literatura medieval francesa").

Como xa se dixo, os modelos historiográficos nacional e comparado sitúanse nunha relación de implicación mutua, aínda que tan só sexa, en principio, polo feito de que este último soe recorrer a unha organización paratáctica cuxas unidades xustapostas son as propias literaturas nacionais. Non obstante, convirá profundizar nesa interdependencia dende o punto de vista da idea herderiana da universalidade e especificidade das literaturas nacionais. A este respecto, resultará de interese atender a proposta de J. Brandt Corstius (1966) verbo do "racionalismo cosmopolita" e o "irracionalismo nacionalista". A noción de "cosmopolitismo" é entendida nos séculos XVIII e XIX en primeiro lugar en termos analóxicos, no sentido de que os clásicos de India, China, Xapón ou Irán, entre outros, alcanzan idéntico estatuto que os europeos como resultado da universalidade do pensamento humano neles reflectido, motivado por compartir unha mesma xénese cos himnos e epopeas da "Idade de Ouro", para, en segundo lugar, restrinxila ao ámbito europeo. É con esta segunda acepción cando emerge esa proxección nacionalista, xa que logo a propia categoría da literatura universal se estima simbolizada pola literatura europea e esta, á súa vez, polas "literaturas maiores" (pénsese no *Dekalogismus* proposto por Hugo Meltzl de Lomnitz). De aí que a metáfora biolóxico-organicista, aplicada en principio á obra literaria e estendida despois ás literaturas nacionais en canto entidades autónomas —mediante o filtro do modelo evolucionista darwinista— sobre o conxunto das literaturas, en cuxo seo acontecen combates pola supervivencia.

Compréndese así que o modelo máis primitivo de articulación dunha historia comparada responda ao principio de adición de literaturas nacionais, de xeito que a propia comprensión comparativa se deixa en mans do lector, pois é el quen debe atopar as analoxías e diferenzas, os contactos específicos entre as diversas literaturas nacionais. No marco destas historias paratácticas prosegue a concepción da literatura nacional como entidade autónoma, de forma que a súa narrativización opera con idénticas fórmulas ás das historias nacionais independentes, como son a énfase na historia dos autores co fin de subliñar unha continuidade monodireccional, a sucesión de marcos cronolóxicos moi xerais determinados por esquemas de temporalidade ideal ou a proxección dunha coincidencia diacrónica da lingua, cultura e nación.

O enfoque eminentemente práctico deste Tema 1 aconsella que a súa clausura se realice mediante unha reflexión práctica que, sen dúbida, facilitará esta primeira comprensión das diferenzas entre os modelos historiográficos nacional e comparado. Dita reflexión suscitarase a partir dunha análise narratolóxica de diversos exemplos historiográficos de ambos os dous modelos, para o que será conveniente presentar algunhas nocións preliminares procedentes de estudos na liña de Paul Ricoeur, David Perkins ou Hayden

The narrative of the literature of the nation, like that of the nation itself, was and is usually written as one of natural and continual development. In some feminist, ethnic, and postcolonial literary histories, we still see today—in adapted forms demanded by «local knowledge»— the persistent influence of the romantic historicist thinking of Johann Gottfried von Herder and others for whom the organicity and continuity of literature expressed the national spirit. Just as a national literature was seen to develop over time, increasing in quality, power, and authority, so too the nation itself would mature from its founding moment to the telos of its political apotheosis.

The potent combination of the nostalgic impact of origins (the founding moment) and linear utopian projection (into the future) that informs this model is one clear reason for its consistent appeal to any group that has felt oppressed by dominant powers on the level of nation but also of gender, sexual choice, class, race, ethnicity, language, or religion. [...] In fact, literary histories not only create continuities, but, in the process, confer legitimacy. That was the intent of the nationalist founders of the form in the past, and it is one of the aims of its interventionist practitioners today.

Hutcheon (2002: 7).

Posíbeis cuestións de reflexión e debate

1. Narrativa, narrativa literaria e teleoloxía. Conflitos entre dexeneración estética (nacemento, florecemento e declive) e os modelos nacionais de evolución política
2. Causas da adopción do modelo nacional por parte das literaturas emergentes e «grupais»
3. A polémica Américo Castro/Claudio Sánchez-Albornoz: teleoloxía no "problema de España"

Tema 3

The Ricoeur/Valdés approach to literary history. The Ricoeur/Valdés model offer us not only a powerful historical instrument, but [...] it gives us procedures for approaching complex historical conglomerates of comparative literary history. Latin American literatures, the literatures of Central European cultural centres, are such areas of study.

Our paradigm calls for the elaboration of the context separately from the narration of events. This is the essence of the model as we have adapted it to literary history. The social context thus redresses some of the omissions of the past by establishing a basic strata of the cultural centres of a society, the social institutions which have been central to the production of literature and also the politics of readership in the community.

In place of periodization based on either empirical evidence — dates of birth and death of writers, publication dates, etc. —or on interpretive aspects of the works— late romantic prose or neo-classical drama, etc. —we propose time-frames of reception in which the specific works of literature are examined as those mobile attractors of cultural forces [...].

ANEXO: EXEMPLOS DE PROPOSTAS DE TEXTOS PARA A SÚA DISCUSIÓN NA CLASE

Tema 1

Like all traditional narrative, it [historia literaria] presents an entity —or hero— going through a transition. In a literary history, the hero cannot be a person but only a social individual or ideal subject; here it is the spirit of the Enlightenment. A moment in its existence is taken as the beginning (the first battles) and a subsequent one as the terminal point (today). In the second moment, the inner or outer state of the hero is not the same as it was at first, and the middle of the narrative accounts for this change; in other words, it tells how, given the initial state of affairs, the hero arrived at the final one. [...]

The thread of events making up the narrative is selected from a much more capacious, amorphous past that is known to the literary historian. We could argue that the intention organizing a literary history justifies its omissions and its emphases. But whatever the intention, to a reader who knows the material as well as the literary historian and, of course, to the literary historian himself, any narrative will seem incomplete and somewhat arbitrary. For any event can be placed within many different narrative sequences, long term and short. To represent the past and to explain it as fully as our knowledge would allow, we would have to make more sequences intersect than is possible in traditional narrative form.

Desires, conscious and unconscious, play their role in narrative literary history. That our emotions find satisfactions in writing (and reading) literary history is almost too obvious to be mentioned.

Perkins (1992: 30 e 31).

Posíbeis cuestións de reflexión e debate

1. Da literatura como personaxe novelesco. Identidade colectiva, novela e historia literaria
2. Narrativa tradicional fronte a narrativa enciclopédica: historia literaria nacional fronte a comparada?
3. Tipoloxía nacional e comparada dos argumentos historiográficos

Tema 2

Even more important is the obvious fact that teleological and developmental narratives suggest the notion of progress and forward direction that feminist and other interventionist agendas require (as did nineteenth-century European nationalist agendas). In other words, marginalized groups may not copy a recognized model simply because it has proved pragmatically effective (though that might well be one consideration). The model itself appeals to the deeper need or desire to enact in literary historical narrative the progress that their utopian and interventionist politics aims to deliver in human history. After all, this model often is expressed in evolutionary metaphors of organic growth.

White. En definitiva, trátase de que os estudantes procedan ao exame de textos historiográficos nacionais e comparados como se se tratasen de novelas. As historias literarias nacionais do XIX e as súas herdeiras, a semellanza das novelas realistas e naturalistas, preséntanse como narrativas que rastrexan o nacemento, crecemento e morte dunha entidade suprapersonal nese desprezamento dun principio ou idea, o que impón unha orientación teleolóxica que se plasma en tres posíbeis argumentos: (1) ascenso, (2) descenso e (3) ascenso e descenso. Neste modelo historiográfico nacional, o narrador é de tipo heterodiexético, con focalización cero, e, en relación coa xeografía na que se desenvolve a acción, parece posuír todos os mapas. Polo que se refire á historia comparada, polo xeral presenta unha clara organización paratáctica que xustapón as consideradas maiores literaturas vernáculos europeas, sobre as que se proxecta retrospectivamente as parcelacións dos correspondentes estados-nación. Tamén nos atopamos cun narrador heterodiexético, pero moi limitado nos seus coñecementos fronte á pluralidade de actantes (as literaturas nacionais) que interactúan, como sucede coas personaxes dunha novela coral. De aí que a representación espacial presente numerosas zonas escuras.

Esquema de contidos

- 1.1 A historia literaria como mecanismo lexitimador da idea de “nación”
- 1.2 A historia literaria nacional no concerto das nacións
 - 1.2.1 Nacionalismo fronte a cosmopolitismo
 - 1.2.2 Literatura universal
- 1.3 Historia literaria comparada como suma de historias nacionais
- 1.4 Historia literaria comparada e o proceso interliterario
- 1.5 Aproximación narratolóxica á historiografía literaria

Actividades propostas

- Estabelecemento das características básicas da historia literaria nacional e comparada
- Valoración das consecuencias dos coñecementos obtidos en materias precedentes á hora de aquilatar a acomodación da actividade historiográfica á cambiante idea de “literatura”
- Valoración de diferentes propostas programáticas sobre historia literaria nacional e comparada
- Análise narratolóxica de textos historiográficos co fin de asimilar de xeito práctico as diferenzas entre ambos os dous modelos

Os materiais para o desenvolvemento das actividades irán sendo propostos na aula segundo o ritmo de traballo do grupo. Facilitarase o material preciso para realizalas e, ao remate da unidade, ofreceranse as copias das presentacións audiovisuais expostas. Con todo iso cada alumno/a poderá compoñer o seu propio caderno de prácticas, complementario do presente texto teórico.

2. OS PARADIGMAS TEÓRICOS DA HISTORIA LITERARIA

A exposición nas aulas deste Tema 2 pode adquirir moi diversos formatos, en especial polo que se refire ao detalle con que se deben desenvolver os seus contidos. A este respecto, cómpre pensar na localización da materia no seo do currículo filolóxico no sentido de que diversas materias (troncais e optativas) xa poden fornecer ao estudante de coñecementos previos que farían innecesario repetilos aquí. A necesidade de familiarizar os estudantes cos diversos paradigmas teóricos da historia literaria é clara, xa que logo, por unha parte, o desenvolvemento da historia comparada da literatura atópase, dende os seus inicios, en estreita dependencia dos modelos historiográficos nacionais e universais, mentres que, por outra parte, o pensamento comparatista contemporáneo verbo da historia literaria se alimenta das achegas das diversas correntes da teoría literaria. Co fin de cumprir dito obxectivo, óptase por unha presentación panorámica artellada a partir de catro apartados: (1) Dende as orixes ao paradigma ilustrado, (2) Paradigma romántico, (3) Paradigma positivista e (4) Paradigmas do século XX.

Agora ben, este panorama histórico non se debería interpretar como un compartimento estanco no marco da senciencia de contidos, senón como un lugar de converxencia de moitas das estratexias metodolóxicas e analíticas que se examinan en cada Tema desta unidade. A propia división en catro seccións e a fragmentación do último paradigma (correntes formalista, sociolóxica, sistémica e novo historicismo), se ben son facilmente xustificábeis, non deixan de seren discutíbeis, polo que deben valorarse en termos orientativos e pedagóxicos, no sentido de que é preciso advertir os estudantes das diversas dificultades que pode xerar este modelo de exposición.

Procurarase evitar un simple enfoque historicista en favor dunha reflexión verbo dos problemas e respostas atendidos polas diversas orientacións científicas co fin de examinar as débedas contraídas polo pensamento comparatista sobre a historia literaria, así como as súas distancias. Para isto é imprescindible que o docente estableza as conexións oportunas, que no presente Tema 2 poden adoptar unha función anticipadora en relación co seu estudo máis detallado nos seguintes temas, especialmente o Tema 3, dedicado aos fundamentos epistemolóxicos da historia literaria comparada.

SECCIÓN PRIMEIRA. Dende as súas orixes, as diversas comunidades humanas preocupáronse pola transmisión do seu patrimonio cultural. Esta transmisión, nos seus formatos máis simples, implica xa un acto de historización. Pénsese en casos como o *Shijing*, unha antoloxía chinesa que inclúe 305 poemas —cunha antigüidade que se retrotrae nalgúns casos até o século XI a. n. e.— seleccionados, segundo a tradición por Confucio, a quen se debe o seu uso como texto básico do sistema educativo, ou en *Stephanos*, de Meleagro, que conforma o núcleo da chamada *Antología Palatina*. En definitiva, o procedemento antolóxico, de articulación fundamentalmente cronolóxica e xenolóxica, maniféstase como un mecanismo de canonización que proxecta unha incipiente estrutura narrativa, asociada ao modelo historiográfico analítico, sobre o corpus literario, cuxo factor de cohesión é fundamentalmente lingüístico-cultural, no sentido de que parece desprenderse de etiquetas como, por exemplo, *litterae graecae* ou *nostrae litterae*. Este modelo antolóxico cohabita

5.3 O tempo como agrupación: movemento, escola, xeneración

5.3.1 Ideoloxía da agrupación: o canon

5.4 Periodoloxía interliteraria e interartística

5.4.1 Disritmias interliterarias

5.4.2 Disritmias interartísticas

Actividades propostas

- Laboratorio práctico de disritmias interartísticas e interliterarias
- Valoración dos usos periodolóxicos nas tradicións historiográficas da Península Ibérica
- Procura de semellanzas/diferenzas entre os usos periodolóxicos da historia xeral/literaria

A POSTA EN PRÁCTICA DESTA UNIDADE NO TRABALLO FINAL DO CURSO

Constituirá o medio fundamental de avaliación do aprendido nesta unidade.

- Os estudantes deberán elaborar un informe das aplicacións metodolóxicas da historia comparada á literatura da súa especialidade, sempre procurando unha produtividade comparatista
- No informe deberán aplicar os criterios discutidos na clase e realizar achegas persoais derivadas tanto da asimilación dos contidos teóricos como das aplicacións destes contidos ao obxecto historiográfico seleccionado

Sebastian Bach, quen, á súa vez, convive con pintores rococó como Jean-Baptiste Chardin, dramaturgos preclásicos como Gotthold Ephraim Lessing ou autores ilustrados como Voltaire. E no estrito ámbito interliterario, son comúns desaxustes como os que se producen entre o que a historiografía alemá denomina “clasicismo alemán” e a non alemá “romanticismo” ou entre o que a historiografía inglesa denomina “renacemento inglés” (até o século XVII) e a non inglesa subdivide en “renacemento” e “barroco”. Pénsese así mesmo nos “atrasos”, como, por exemplo, os do Romanticismo portugués con respecto ao romanticismo alemán ou francés ou os do surrealismo portugués con respecto ao surrealismo francés, con respecto aos cales resultará do máximo interese o estudo das particulares circunstancias que os motivaron, como as distancias xeográficas, a dificultade de contactos, a actuación da censura ou a propia evolución do sistema literario, entre outras. Entre estas disritmias interliterarias, cómpre esperar unha profundización no estudo daquelas que operan no seo das comunidades interliterarias. Pénsese no caso da literatura española, cuxo “século de ouro”, identificado coa literatura de expresión castelá, situouse nos séculos XVI-XVII dende exemplos historiográficos tan temperáns como *Orígenes de la poesía castellana*, de Luís José Velázquez, ou as *Memorias para a historia de la poesía*, de Sarmiento, de maneira que as literaturas “periféricas” atrasan as súas idades áureas ao medioevo e proxectan o seu “renacemento” (Renaixenza, Rexurdimento) nos períodos románticos de urxencia nacional.

Pódese concluír así con Pierre Orecchioni que as nocións periodolóxicas da historia literaria, como as da historia xeral, son “le lieu d’n investissement idéologique massif: les concepts nécessaires pour opérer des coupures dans la continuité de l’histoire, ne peuvent être choisis qu’en fonction d’une philosophie de l’histoire, et d’une certaine définition da littérature (qui sont) par essence idéologiques” (citado en Moisan 1990/1997: 30). En definitiva, trataríase de recoñecer que as designacións periodolóxicas, en tanto que fixan marcos de referencia (cronolóxica, ideolóxico-cultural, temática, técnico-literaria, etc.), son por natureza redutoras. Serían así outra limitación epistemolóxica á vez que un instrumento heurístico co que se posibilita o propio obxectivo da historia literaria en xeral e comparada en particular, definido por Valdés nos seguintes termos: “the main task of comparative literary history is to decide which events, which acts, which vital texts, which signs from the numberless mass of the past are to be singled out for interpretation and for that systematic explanation we call literary history. The challenge to comparative literary history is the daunting expanse of material to be taken into consideration” (1992: 18-19).

Esquema de contidos

- 5.1 Periodoloxía como problema historiolóxico central
 - 5.1.1 Tempo na escrita
 - 5.1.2 Tempo da escrita
- 5.2 Temporalidade orgánico-biolóxica
 - 5.2.1 Tempo ternario

con outros nos que, se ben o enfoque historicista non é o dominante, ocupa un papel destacábel á hora de abordar un xénero ou unha tradición literaria. Na *Poética*, Aristóteles traza o desenvolvemento histórico da traxedia. En *De viris illustribus*, Suetonio reserva para os escritores un espazo destacado. E na *Institutio oratoria*, Quintiliano ofrece un panorama da arte retórica, cunha sección dedicada de xeito específico á comparación dos autores latinos cos gregos. Nas linguas vulgares, cómpre recoñecer idénticos modelos antolóxicos de implicacións historicistas, como o permiten comprobar, por exemplo, os cancioneros provenzais nos que a secuencia cronolóxica se organiza a partir de dúas categorías procedentes da tradición gramatical da *enarratio poetarum*: as *vitae* (vidas) e as *materiae* (razós).

Paulatinamente detéctase unha nacionalización literaria nos repertorios bio-bibliográficos da tradición erudita (séculos XVI-XVII), aos que se incorporan as *bibliothèques*, é dicir, catálogos críticos que recollen as obras máis importantes do patrimonio e aquelas obras que teñen por obxecto a celebración das “antigüidades nacionais”.

SECCIÓN SEGUNDA. Na *Geschichte der Kunst des Altertums*, de 1764, Winckelmann proxecta sobre a arte antiga un modelo evolutivo orgánico articulado en orixe, crecemento, madurez e declive dende a consideración neoclásica de que a arte grega é atemporal e normativa. Herder fai uso tamén de analoxías de natureza orgánica, pero critica o postulado de Winckelmann sobre a superioridade da arte grega, xa que o seu método histórico se basea en que as regras críticas dunha nación non poden aplicarse de maneira directa a outra e en que esas mesmas regras varían incluso no seo dunha única nación. Faise fincapé así na necesidade de investigar os contextos físico, social e moral co fin de recoñecer o desenvolvemento progresivo do carácter nacional.

Georg W. F. Hegel, con influencias determinantes para o desenvolvemento da hermenéutica filosófica e literaria, define o *Geist* como as enerxías colectivas mentais e emotivas que dá orixe ao *Zeitgeist* (espírito epocal) e propón unha historia da arte articulada en tres movementos que ilustran a progresión dialéctica do *Geist*: (1) oriental, no que a materia supera a expresión plástica da idea; (2) clásico, no que a idea e a súa concreción se achan nunha relación de perfecto equilibrio; e (3) moderno ou romántico, no que a idea se libera en tanto que non pode expresarse adecuadamente mediante unha forma material, de maneira que a forma romántica da arte é un estadio superior no que a pura interioridade consciente de si mesma está por riba de calquera tipo de exterioridade sensíbel, material. Esta alternancia cíclica entre o “antigo” e o “moderno” explica a énfase da historiografía romántica na natureza orgánica do cambio, concibido como un proceso, e non como un mero produto. Mme de Staël adopta esta distinción entre “clásico” e “romántico” no seu influente *De l’Allemagne*. Será Friedrich Schlegel quen desenvolva teoricamente estas categorías históricas ao considerar que, como resultado do principio organicista, máis aló da historia (literaria) de cada unha das nacións, ha de examinarse a historia (literaria) como unha totalidade. O ideal que cohesionas obras concíbese como o continuo desenvolvemento da historia, dende unha situación inicial dende a que opera o cambio até unha situación

final que contrasta coa primeira en categoría, calidade ou cantidade. A materia historiada pode ser unha idea (o “sublime”), unha técnica literaria, un xénero ou toda unha literatura nacional, para a que se recorre a unha argumentación que responde aos modelos do ascenso, descenso ou ascenso e descenso, segundo se constatou a partir da análise narratolóxica efectuada no Tema 1. Considérense neste sentido produtos historiográficos como a *Geschichte der poetischen National-Literatur der Deutschen*, de Georg Gottfried Gervinus, ou a *Histoire da littérature française*, de Gustave Lanson.

A partir da consciencia do relativismo cultural suscitada polos traballos de Herder, a noción hermenéutica de “distancia” perde a súa dimensión teolóxica en favor doutra histórica e cultural, dende a que se aborda o ideal de recuperación do auténtico significado do texto (literario). Fronte á hermenéutica filolóxica de Friedrich Schleiermacher, de cariz máis filosófico, polo que a súa preocupación básica non é tanto o establecemento do significado textual como o propio acto de comprensión, Friedrich Ast propón unha versión romántica do nivel anagórico da eséxese alegórica, pola que a obra se comprénde en relación co espírito da época en canto parte dunha totalidade histórica. Schleiermacher, pola súa banda, cuxa obra foi interpretada a través do filtro proporcionado por Wilhelm Dilthey, asume que o intercambio cultural vén determinado polo feito de que o significado textual se supedita á intención do autor. Agora ben, a figura do autor concíbese como unha entidade complexa, constituída a través do discurso con outros, co que se complica o seu uso para limitar o significado do texto e recoñécese a posibilidade de diversas lecturas.

SECCIÓN TERCEIRA. Dende mediados do século XIX, os historiadores literarios atopan os seus modelos e analoxías nas ciencias naturais e sociais como, por exemplo, o positivismo de Auguste Comte, a psicoloxía atomista de John Stuart Mill ou a bioloxía evolucionista de Charles Darwin. Co fin de sistematizar a exposición desta sección, resultará da máxima utilidade acudir a René Wellek (1970), traballo no que o autor propón unha tipoloxía da historiografía literaria victoriana que, unha vez máis, cabe extrapolar a outros dominios culturais: “we arrive at four broad types of literary histories: the scientific and static, the scientific and dynamic, the idealistic and static, and the idealistic and dynamic. So formulated, this is, of course, merely a convenient classification. It can be made useful and convincing only in its application to the concrete variety of history” (1970: 153). Henry Hallam propón en *Introduction to the Literature of Europe*, de 1837-1839, unha historia atomista e cíclica que, dende 1500, se reinicia con intervalos de cincuenta anos. Na *Histoire da littérature anglaise*, de 1863-1864, Hippolyte Taine presenta unha explicación determinista das obras literarias a partir de tres causas principais (*race, moment e milieu*). Por “raza”, Taine fai referencia a unha disposición innata e hereditaria, á personalidade propia dunha nación, que afunde as súas raíces nos tempos máis primitivos. O “medio” é a segunda tendencia, que se une aos trazos primitivos da raza; áchase asociado ás circunstancias físicas e sociais que determinan o carácter. O “momento”, para rematar, alude á acumulación de todas as experiencias do pasado, ao lugar que unha obra literaria ocupa no seo da tradición que a xerou. E polo que se refire ao influxo

mento da historiografía a criterios semióticos, socioculturais e sistémicos, co fin de evitar a comprensión dos períodos literarios como entidades metafísicas e clarificar o proceso de introdución, despregamento, diversificación, integración e desaparición das normas literarias. A este respecto, resultará da máxima importancia acudir á socioloxía da cultura.

A teorización comparada en torno da periodoloxía, excepción feita dos diversos traballos debidos a Guillén, é deficiente aínda hoxe en día. Así, cando Yves Chevrel propón superar a confusión terminolóxica que impera no ámbito que nos ocupa a través dunha definición como a seguinte, recoñécese que os resultados non son moi alentadores: “Época é un periodo temporal definido por dúas datas extremas; segundo esta perspectiva puramente cronolóxica, emprégase o termo período para designar lapsos cronolóxicos máis breves: unha época contería polo tanto varios períodos; en realidade, o termo período emprégase a miúdo no sentido de época” (1989/1994: 361).

Con este Tema 5 pretendeuse introducir aos estudantes nos problemas suscitados pola periodoloxía, cunha énfase decidida nesa dobre dimensión temporal da historiografía literaria, o tempo na escrita e o tempo da escrita, co recoñecemento de que esta última dimensión achega á historia literaria comparada outra vertente comparativa, xunto á tradicional superación das fronteiras dos dominios culturais, derivada do recoñecemento da limitación epistemolóxica que comporta que a obra literaria sexa á vez documento do pasado e experiencia do presente. Finalmente, o Tema clausurárase cun exame doutros tipos de disritmias, non presentados até agora de xeito explícito pero suxeridos polo fío da argumentación e que son facilmente apreciábeis no marco dunha historia literaria comparada: as disritmias interliterarias e interartísticas. Para o primeiro tipo, será conveniente recuperar algúns dos contidos expostos no Tema 4. Partirase da constatación de que ambos tipos de disritmia se atopan intimamente relacionados. Así, se a historia xeral se conforma como un dos campos do saber que proxecta de xeito preponderante a súa terminoloxía periodolóxica sobre a literatura, non é menor a influencia exercida pola historia da arte, como o poñen de manifesto nocións como “renacemento”, “barroco”, “manierismo”, “romanticismo” ou “modernismo”, entre outras moitas. A este respecto, xa se indicou antes que a etiqueta “época arcaica”, co que se denomina a fase historiográfica de xénese da antigüidade grecolatina, procede dos estudos sobre historia da escultura, mentres que, por exemplo, “manierismo” ten a súa orixe na tendencia estilística das artes gráficas caracterizada polo refinamento, a ambigüidade e a vivacidade (a figura serpentina) entre a segunda metade do século XVI e principios do XVII, e “romanticismo” garda unha forte asociación coa arte musical. Agora ben, a transdisciplinabilidade destas denominacións periodolóxicas xera unha ilusión de simultaneidade na evolución das diversas artes, cando en realidade operan desaxustes temporais, en ocasións moi marcados. Os estudantes poderán constatar este feito mediante un sinxelo exercicio de liñas cronolóxicas. Considérense os seguintes exemplos: a segunda metade do século XVI e as primeiras décadas do XVII conducirannos dende un autor aurisecular como Cervantes e un autor isabelino, pero non renacentista nin barroco, como Shakespeare, até compositores barrocos como Antonio Vivaldi ou Johann

do emisor, no sentido de que refiren, en realidade, unha constelación de autores, xa que interesa destacar a continuidade, a estabilidade e a ruptura. Mediante un rápido exame de diversas historias literarias poderase constatar que os usos terminolóxicos son vacilantes. Con todo, cómpre apreciar certas tendencias dominantes. Así, a noción de “movemento” posúe unha forte ancoraxe na historia cultural, de forma que a historia literaria se presenta baixo un aspecto de correlación e dependencia. Fronte á “corrente”, que supón unha prolongada dinámica subterránea, na estrutura profunda, e que anuncia unha renovación perceptíbel na estrutura de superficie a través de diversos síntomas (a emerxencia de novos xéneros literarios, por exemplo), o movemento preséntase como un proceso de desenvolvemento consciente e limitado no tempo, que cristaliza ao redor dun grupo de autores. A “escola”, pola súa banda, responde a unha concepción estática que remite a un grupo de autores —pero tamén de artistas non literarios— que perpetúan a obra dun “mestre”. Os seus principios expóñense xeralmente nun manifesto, e a súa vida é relativamente curta, a menos que preconicen unha auténtica revolución artística, como podería ser o caso da Pléiade con respecto á poesía europea. E polo que se refire á “xeración”, inicialmente fai referencia a un conxunto de autores que comparten un mesmo ano de nacemento e, xa que logo, un contexto histórico-cultural común, unha acepción que remite á distinción latina de tres *aetates* para cada século, aínda que o seu uso se estende ao ano no que aparece unha obra literaria maior, ao redor da cal se aglutinan diversos autores. Trátase dunha categoría cun forte índice de xeralización, posto que só se consideran as personalidades máis destacadas, á vez que as outras se relegan a un segundo plano ou se asocian de todos os xeitos coa xeración en cuestión. A articulación da narración historiográfica a través das xeracións impónse no século XX; considérense obras como a *Histoire de la littérature française de 1789 à nos jours*, de Albert Thibaudet, ou *Les Générations littéraires*, de Henri Peyre.

Coa aplicación de calquera destes conceptos ten lugar o illamento dunha duración no marco dunha duración máis ampla, co que se suxire implicitamente que o proceso de cambio cesou no seo do lapso cronolóxico referido polo período, a escola ou a corrente. Guillén definiu como “monista” esta concepción dos períodos literarios, e fronte a ela propón “descubrir nas configuracións históricas máis amplas —períodos ou épocas dende un ángulo temporal, ‘zonas literarias’ ou interrelacións entre literaturas próximas e dende antigo entrelazadas mutuamente— conxuntos ou sistemas estruturados” (1989: 133). Para iso recorre aos postulados teóricos de Braudel, en concreto ás nocións de *longue durée*, asociada á estrutura, e *courte durée*, asociada ao acontecemento, coas que se indica a existencia dunha dobre temporalidade no proceso literario, é dicir, unha imbricación de *longues* e *courtes durées*, nas que as obras son á vez acontecementos que prefiguraran outros e estruturas que reenvían a outras. Trátase dunha perspectiva debedora do pensamento formalista e estruturalista sobre a historia literaria, en tanto que, fronte a unha periodización fundamentada nas grandes obras, cómpre tomar en consideración a produción derivada dos xéneros periféricos, de maneira que no seo do período se advirte unha dependencia entre os modelos canonizados e non canonizados. Trataríase, xa que logo, dun sometemento

darwinista, Ferdinand Brunetière, discípulo de Taine, aborda en *L'Évolution des genres dans l'histoire de la littérature*, de 1890, os xéneros literarios como entidades biolóxicas das que se pode predicar a súa orixe, desenvolvemento e declive, modelo a partir do cal as obras de arte interprétanse en función do lugar que lles corresponde na curva evolutiva.

Algúns historiadores literarios compoñen obras que pertencen a diversas categorías. Pénsese en Leslie Stephen, en cuxa *History of English Thought in the Eighteenth Century*, de 1876, adopta un punto de vista idealista para describir o ascenso do agnosticismo, mentres que o seu *English Literature and Society in the Eighteenth Century*, de 1904, é determinista, sociolóxico e cientifista. E un exemplo dunha historia literaria idealista e dinámica proporcióno W. J. Courthope con *History of English Poetry*, de 1895-1910, na que o elemento cohesionador procede da vida da nación como un todo, de maneira que os feitos políticos e sociais se estiman como elementos clave para acceder ao significado das obras.

Obviamente, moitas historias literarias do XIX son eclécticas na súa metodoloxía e poden, xa que logo, situarse nos intersticios das catro categorías analíticas propostas por Wellek. Aquí interesa facer fincapé en trazos xerais básicos, como, por exemplo, o desequilibrio entre o limitado espazo textual que se consagra á propia obra literaria e o dedicado con todo detalle a ese trasfondo de materiais físicos, morais, sociais ou históricos que a explicarían. No último cuarto do século XIX, Friedrich Nietzsche, Dilthey e Benedetto Croce puxeron de relevo debilidades como esta da empresa historicista. Aínda que *Die Geburt der Tragödie*, de 1872, responde ao modelo das historias literarias narrativas, Nietzsche sinala a necesidade de “esquecer” o pasado, no sentido de que a preocupación polo pasado relativiza todo coñecemento, á vez que supón a reiteración de valores, pero non a creación de novos elementos. Neste sentido, considérase a súa reflexión en torno do espírito dionisiaco e apolíneo como categorías absolutas e intemporais. Dilthey, coa súa teoría das *Geisteswissenschaften*, sostén que o crítico debe entrar en contacto coa *Erlebnis* (“experiencia vivida”) do autor, unha captura hermenéutica do pasado que esixe intelixencia, pero tamén imaxinación e empatía. E na *Estética*, de 1902, Croce ataca o historicismo positivista en tanto que dissolve a calidade esencial da obra literaria, a súa intuición, nun repertorio de causas externas.

SECCIÓN CUARTA. No século XX, a historia literaria perde, aparentemente, a súa posición epistemolóxica dominante, como o permite constatar o feito de que o New Criticism, o Formalismo ruso ou a Nouvelle critique, por exemplo, poñan toda a énfase na autonomía da obra literaria, nas súas calidades formais e estruturais, o que levou a considerar que estas correntes críticas aplicarían un enfoque antihistoricista. Agora ben, trátase dunha consideración inexacta, pois non é unha caracterización que poida aplicarse nin a todas esas correntes nin a todas as súas etapas. Así, mentres que para o New Criticism non é significativa a dimensión diacrónica, polo que se exclúen puntos de referencia históricos, o Formalismo ruso, dende unha primeira fase imanentista, chega a incorporar a historia literaria entre os seus intereses a partir do aspecto formal e da súa dimensión evolutiva. Os formalistas rusos

reformulan o pensamento histórico sobre a literatura en termos dun sistema de formas en continuo desenvolvemento e transformación. O concepto de “desautomatización”, de Viktor Sklovski, permite unha nova concepción da historia literaria cuxo proceso xa non se conceptúa como unha continuidade a partir da énfase nos autores, sobre a que facía fincapé a historia idealista, senón como unha serie de discontinuidades, rupturas co pasado. E iso porque a desautomatización non é un trazo constante, de maneira que cando certos elementos literarios se automatizan e non provocan a *ostranenie*, o sistema literario renóvase mediante novos elementos desautomatizados que, polo xeral, proveñen dos estratos periféricos. Así, os cambios históricos percíbense como un diálogo entre tradición e innovación, segundo destacou Guillén. Esta concepción dinámica da evolución literaria atópase estreitamente vencellada a un enfoque funcionalista, pois o estudo dunha obra literaria non pode ser por completo inmanentista; débese considerar a función que a obra desempeña no sistema literario e as súas relacións cos sistemas culturais e sociais a través da linguaxe.

Esta perspectiva dinámica e funcionalista da historia literaria desenvolvida polo formalismo ruso será obxecto de profundización teórica por parte do Círculo de Praga, en especial por Jan Mukarovsky e Felix Vodicka. Mentres a historia literaria positivista tan só toma en consideración as forzas externas, o estruturalismo dialéctico de Mukarovsky contempla o feito literario como resultado de dúas forzas: unha forza dinámica, que favorece o desenvolvemento interno, e as intervencións externas. Vodicka, pola súa banda, sitúa o punto central da historia literaria na ruptura do canon e investiga as normas sociais e literarias que motivan a recepción das obras literarias nos diversos períodos. Os catro obxectivos básicos dunha historia literaria estruturalista segundo este autor son: (1) reconstrución da norma literaria dunha época a partir das valoracións críticas dos lectores; (2) reconstrución da xerarquía de valores dunha época e descrición do valor das obras dunha determinada época; (3) exame da obra tal e como é concibida na época establecida; e (4) estudo da eficacia da obra no sentido literario e non literario. Como se pode observar, a renovación da historia literaria proposta por Hans Robert Jauss ten a súa orixe na historia da recepción proposta polo Círculo de Praga.

Polo que concerne ao paradigma sociolóxico da historia literaria, resultará conveniente sistematizar a exposición para os estudantes a partir dun factor como a propia definición da literatura: (1) conxunto de documentos que reenvían á sociedade (Robert Escarpit, Lucien Goldmann); (2) produto industrial sometido aos sistemas económico e político, como nas teorías da institución literaria (Jacques Dubois) ou do campo de intercambio de bens simbólicos (Pierre Bourdieu, Alain Viala); e (3) secuencia de lecturas practicadas en diversas rexións e épocas (Jauss, Wolfgang Iser, Manfred Naumann). En 1964, Goldmann, influído pola socioloxía marxista de Georg Lukács, desenvolve unha hipótese de investigación a partir do que denomina “método estruturalista-xenético” en historia literaria. O estruturalismo xenético propón como premisa que as estruturas do universo da obra son homólogas ás estruturas mentais de certos grupos sociais. Goldmann estuda as posicións destes grupos na evolución das sociedades e as correspondentes peculiaridades

de manifesto en *History of the Decline and Fall of the Roman Empire*, decadencia que se contrapón á vitalidade emerxente da orixe, que se nomea coa etiqueta “idade arcaica”, procedente, á súa vez, do estudo da historia da escultura. Por outra banda, repárese en que a noción epocal de *Spätmittelalter* permite reproducir o modelo periodolóxico da tríade das grandes épocas no seu interior, coas correspondentes asociacións orgánico-biolóxicas da orixe (séculos XII-XIII), apoxeo (século XIV) e decadencia (século XV), outro esquema de temporalidade ideal a través do cal se filtra a comparación interliteraria, pois é a *littérature émetrice* (unha vez máis, a literatura francesa) a que proporciona o referente epocal, como se deduce da lectura da *Histoire de la littérature française au Moyen Âge comparée aux littératures étrangères*, de Jean-Jacques Ampère.

Outros tipos de disritmia obsérvanse na propia sucesión das categorías epocais nas liñas do tempo histórico e do tempo literario, no sentido de que, no ámbito da literatura, se asiste a unha acentuada aceleración, pois, fronte á duración multiseccular do período de apertura (o medieval), progresivamente as épocas literarias reducen a súa extensión a un lapso inferior a cen anos, malia o cal igualmente son denominadas “séculos” (péñese, por exemplo, no “século de Pericles” ou no *siècle de Louis XIV*), a xeracións ou, incluso, a só algúns anos, como sucede cos movementos de vangarda cos que se inicia o século XX. En definitiva, a extensión dunha época literaria é tanto máis breve canto a historiografía máis se achega ao presente, o que non deixa de ter interesantes implicacións hermenéuticas, entre as que non é menor o feito de que a última produción literaria se exclúe do ensino académico.

Dende aquí, a exposición pode orientarse cara a unha presentación sintética doutros procedementos periodolóxicos, dende a mera sucesión de séculos e a destes aglutinados en series máis extensas, as chamadas por Hesíodo “Idade de Ouro” ou “Idade de Ferro”, por exemplo, nas que se advirte unha intención valorativa na comparación epocal co metal, até a división en “monarquías literarias”, de procedencia política, como o “Século de Pericles”, o “Século de Augusto”, a “Era dos Medici” ou o “Século de Luís XIV” (péñese na influencia de *Le Siècle de Louis XIV*, de Voltaire, na historiografía francesa), nocións equívocas tanto pola imprecisión do lapso temporal referido, segundo xa se comentou, como polo feito de que as correspondentes épocas literarias non se esgotan coa figura política que lles dá nome, nunha mostra máis dos ritmos propios da vida literaria (considérese a situación política da España do “século de ouro”, por exemplo), ou a organización da secuencia literaria mediante series antitéticas que se repiten en ciclos (*antiqui et moderni, alten und neuen Literatur*, en Friedrich Schlegel, *naive und sentimentalische Dichtung*, en Friedrich Schiller, ou dionisiaco/apolíneo en Friedrich Nietzsche). Engádanse a eles outros conceptos periodolóxicos, cuxo carácter metafórico é evidente, desde o propio “período” (procedente da astronomía), até o “cenáculo” ou *foyer* (xenealoxía), a “xeración” (ciencias sociais), a “escola” (educación), a “corrente” (electromagnética) ou o “medio” (bioloxía), entre outros. Todas estas expresións historiográficas designan un código literario dunha época específica, pero toda a énfase recae na figura

segue xa non a fase de apoxeo, senón de decadencia (literaturas vernáculas medievais), para finalmente clausurarse o proceso cunha nova fase de apoxeo (a literatura do século XVIII). Compréndese así que se estime que a literatura grecolatina sintetiza en si mesma todo o proceso evolutivo, polo que se distinguen as súas propias etapas de orixe (época arcaica), apoxeo (época clásica) e declive (época helenístico-romana) a partir de coordenadas políticas. En cambio, cando se toman en consideración as literaturas vernáculas europeas como entidades autónomas, a fase de orixe retrotraese até o medievo, mentres que as correspondentes fases de apoxeo e declive se fan coincidir co cumprimento dun papel comunicativo específico na escena europea: emisión e recepción, respectivamente, de modelos literarios. A historiografía literaria nacional opta polo xeral por esta “segunda orixe”, de maneira que se obvía a produción latina, incluso cando pertence a autores plurilingües (existen, con todo, excepcións significativas, como, por exemplo, o primeiro volume da *Historia crítica de la literatura española*, de José Amador de los Ríos). Dende un punto de vista narratolóxico, debe observarse, por unha banda, que a produción literaria anterior ao momento cronolóxico elixido como inicio se presenta de forma sumaria, polo que se caracteriza como unha fase homoxénea; por outra, a propia construción ideolóxica da idade media e a súa función como apertura narrativa propicia unha articulación arquetípica do discurso historiográfico: “Literary history is [...] written in metaphors of origins, emergence from obscurity, neglect and recognition, conflict, hegemony, succession, displacement, decline, and so forth. Thus it activates archetypal emotions” (Perkins 1992: 33).

Se a historia xeral constitúe o principal campo do saber que proxecta as súas categorías periodolóxicas sobre a literatura, cómpre reparar nas diversas disritmias que reflicten as liñas do tempo histórico e do tempo literario. Unha delas é consecuencia directa da primeira noción periodolóxica pola que se adoita decantar a historiografía literaria nacional (o medievo), no sentido de que o momento de apertura non coincide coa liña divisoria da tríade das grandes épocas (a fronteira, xa que logo, entre Antigüidade e idade media), senón que se atrasa até a emerxencia das linguas vernáculas entre os séculos XII e XIII. Deste xeito, a “idade media literaria” abarca un período de tres séculos (XII/XIII-XV), ao que a historiografía alemá denomina *Spätmittelalter*, rótulo no que a noción epocal *spät* significa “posterior”, “tardío”, “outonal”, non nun sentido cronolóxico, senón biolóxico, orgánico, polo que refire á idade media no seu tránsito final, menos típico. Por iso é polo que algúns historiadores da tradición cosmopolita e do primeiro comparatismo poden afirmar que o século XIII non pertence ao medievo, senón á idade moderna, tal e como o fai, por exemplo, Friedrich Bouterwek na *Geschichte der spanischen Poesie*, de 1804, unha consideración sorprendente hoxe en día, cando a cinematografía hollywoodiense impuxo unha noción “gótica” da idade media, nunha mostra máis da contribución da sétima arte ao imaxinario colectivo. Neste sentido, o exame comparativo da periodoloxía sempre debe prestar especial atención ao campo do saber do que procede a noción epocal que se proxecta sobre a literatura. A categoría de *Spätmittelalter* configúrase como un calco de *Spätantike*, vinculada á idea de declive que Edward Gibbon pon

textuais no marco dunha teoría global que facilita a interpenetración da coherencia das obras literarias e a súa explicación a través do contexto da dinámica social na que foron producidas. A distinción de Escarpit entre *processus* e *appareil* permite redefinir a literatura como un fenómeno sociolóxico. En canto *processus*, a literatura caracterízase por un *projet* (o escritor), un *médium* (o libro) e unha *démarche* (o lector); en canto *appareil*, a literatura implica unha produción, un mercado e un consumo. Neste marco, o mercado actúa a modo de mediador entre a produción e o consumo; trátase dunha estrutura de intercambios, un circuíto comercial asociado a axentes externos como críticos, ensinantes, comentaristas dos medios de comunicación, xurados de premios literarios, etc. Esta liña de investigación é obxecto de profundización polas teorías da *institution* e do *champ littéraire*. Para Dubois, a análise da literatura como institución supón unha historia da institución literaria cunha énfase na autonomía desta, xa que se caracteriza polas réplicas sucesivas que dirixe contra o sistema. A institución literaria é un conxunto de mecanismos de organización que xera as súas propias regras e cuxo poder maniféstase no recoñecemento e sanción dos produtos literarios como auténticos e lexítimos. Xa que logo, a súa historia consistiría na observación da constitución diacrónica de devanditas regras, códigos de produción, modos de difusión e recepción. E Bourdieu, fronte ás posturas asociadas a unha “estética interna”, que defende a total autonomía do sistema de obras, ou a unha “estética externa”, que explica o devandito sistema a partir dunha relación directa co espazo social, considera que os feitos literarios e as súas características son resultado das posicións tomadas no *champ littéraire*, cuxa autonomía relativa regula as influencias que sobre el exerce o espazo social. O campo literario, denominado así por analoxía co campo magnético, é un espazo estruturado polas relacións de forza entre os diversos axentes que interveñen na produción, difusión e consumo das obras. As súas fronteiras e configuración están en constante evolución, e iso porque cada grupo intenta impoñer a súa concepción da literatura. Finalmente, esta sección dedicada ao paradigma sociolóxico deberá clausurarse cun espazo consagrado á estética da recepción. A este respecto, farase fincapé en que o modelo de Jauss dunha historia literaria fundada na recepción supón invertir a orde tradicionalmente favorecida en relación cos tipos de lectura, que parte da lectura filolóxica, para iniciar o proceso nunha lectura estética, inmediata, de maneira que a estética da recepción basea a súa historia literaria nas experiencias das lecturas.

Con respecto ao paradigma sistémico, convirá chamar a atención acerca da proposta de Bordieu en torno da complementariedade entre o comercial e o non comercial no seo do campo literario, co que a historia literaria non pode limitarse ao ámbito dunha produción restrinxida (literatura canonizada), senón que ha de observar os papeis desempeñados pola produción de masas (literatura non canonizada), unha cuestión sobre a que profundou precisamente a Teoría dos polisistemas de Tel Aviv con Itamar Even-Zohar e os estudos sobre a tradución levados a cabo por José Lambert. A Teoría dos polisistemas concibe o fenómeno literario e a súa historia como un conxunto coherente de sistemas en función da interdependencia de sincronía e diacrónica, os cambios na xerarquía de valores e os vínculos entre as mutacións

sociolóxicas, culturais e literarias. O fenómeno literario fúndase sobre uns códigos e modelos e sobre as relacións entre os elementos, polas que algúns se converten en dominantes en certos períodos en virtude de criterios de selección e valoración, que poden proceder de sistemas veciños, sexan literarios (a través da tradución, por exemplo) ou non. Xa que logo, este enfoque sistémico sitúa o sistema literario como un fenómeno que contrae relacións con outros sistemas (artísticos, culturais ou sociais). Así, a través do estudo sistémico da tradución, é posíbel clarificar a propia constitución do sistema literario meta a través das normas e modelos que determinan a elección de textos, autores, períodos ou xéneros das literaturas fonte.

Para rematar, este Tema 2 clausurárase cunha aproximación ao paradigma dos novos historicismos, unha etiqueta cuxa arbitrariedade se debe poñer de manifesto ante os estudantes no sentido de que con el non se pretende referir unha escola crítica homoxénea cun programa teórico común, senón unha serie de correntes que enfatizan a historicidade dos textos e a textualidade da historia, entre as que cómpre considerar o novo historicismo americano propiamente dito (Jonathan Goldberg, Stephen Greenblatt, Alan Liu, Louis A. Montrose, Karen Newman), o materialismo cultural británico (Michael McKeon, Terry Lovell, Raymond Williams) e a nova historia (James Harvey Robinson, Charles Beard, Hayden White). A historicidade dos textos fai referencia á produción dos textos en certas condicións sociais, culturais e económicas, polo que nalgún nivel están determinados polas devanditas condicións. A textualidade da historia incide en que a historia mesma pode concibirse como un conxunto de representacións, abertas a múltiples mediacións, narracións e reinterpretacións. Así, recoñécese a propia situacionalidade, á vez que se practica o salto conceptual necesario para aprender a diferenza radical do pasado. O historiador ou crítico en termos xerais contrae unha relación problemática co obxecto histórico que analiza en tanto que a súa propia comprensión necesariamente procede a partir da súa posición histórica, social e institucional. É por iso que se denuncia a asunción metafísica de que o historiador poida realizar a súa tarefa dun xeito obxectivo. De especial interese para os desenvolvementos epistemolóxicos da historia literaria resulta o rexeitamento de dúas formas da escrita histórica por parte da crítica neohistoricista: (1) aquela que recorre a un modelo marxista simplificado de base e superestrutura como consecuencia da súa explicación economista e unidireccional das determinacións históricas; e (2) aquela que se fundamenta en categorías epocais monolóxicas e homoxéneas como resultado das súas implicacións totalizantes e esencialistas (véxase Tema 5). Engádase a iso a súa negativa a dar preferencia a un relato determinado, o que transluce unha desconfianza xeralizada pola narrativa en termos xerais e polos “relatos totalizadores” de xeito máis particular. A este respecto, merecerá especial interese a obra do historiador e filósofo da historia Hayden White, coa súa análise dos procesos mediante os que o historiador selecciona e organiza os datos históricos co obxecto de volvelos comprensíbeis para un auditorio específico. Os devanditos procesos combinan tres modos de explicación: (1) explicación a través da argumentación (romance, traxedia, comedia e sátira); (2) explicación a través de argumentos formais (formalista, organicista, meca-

siècle, de 1968-1979, “dialéctica do pasado e do presente” (así, débese facer fincapé en que o mesmo Braudel cataloga como comparativo o seu labor historiográfico). É dicir, a historia literaria é inevitabelmente historia dun pasado tal e como é lido no presente, polo que a súa forma actual de coñecemento é por necesidade parcial e provisional, aínda que iso non significa carente de valor. Para o historiador literario, os textos, que constitúen os “acontecementos” do pasado que deben ser obxecto de ordenación e interpretación, son á vez documentos do pasado e experiencias do presente. Convirá profundar nesta liña fenomenolóxica-hermenéutica a partir doutros traballos de Valdés, dedicados á hermenéutica desde unha perspectiva teórica, á hermenéutica da historia literaria en xeral ou ás súas implicacións para unha historia comparada de forma máis particular.

Tras esta reflexión inicial en torno da dobre temporalidade da historia literaria, a temporalidade referencial da escrita e a temporalidade na escrita derivada da posición do historiador, pode realizarse unha aproximación á valoración da categorías periodolóxicas en canto códigos culturais. Para iso será oportuno recuperar os resultados que depara unha análise narratolóxica das historias literarias, segundo se practicou no Tema 1. Como se recordará, a argumentación narrativa mediante a que se organiza a sucesión de obras que conforma a historia dunha literatura responde a tres posíbeis modelos: (1) ascenso, (2) descenso e (3) ascenso e descenso. Resulta fácil deducir que se postula a existencia dun momento de máximo desenvolvemento concibido en termos de “madurez” artística, un clímax con respecto ao cal se supeditan unha fase previa de ascenso e unha fase subseguinte de declive. A procedencia biolóxico-orgánica deste esquema de temporalidade ideal é obvia, de maneira que cómpre afirmar que se produciu unha extrapolación da metáfora orgánica, aplicada inicialmente á obra literaria como entidade independente, á literatura nacional no seu conxunto, á que se engadirá máis tarde outro esquema biolóxico, derivado do evolucionismo darwinista, polo que o progreso das literaturas se conceptúa como unha loita pola supervivencia, na liña das formulacións de Ferdinand Brunetière.

Este esquema de temporalidade ideal opera na historia xeral a través da súa concreción na tríade das grandes épocas (antigüidade, idade media e idade moderna), cuxa estruturación mostra unha apertura historiográfica cara ao pasado e cara ao futuro, en tanto que só o medieval se atopa limitado na súa extensión. A proxección desta tríade periodolóxica, que se conforma como o modelo diacrónico máis abarcador, sobre a literatura é manifesta, aínda que deberá chamarse a atención dos estudantes acerca da primeira descompensación epocal entre, por unha banda, os diversos campos do saber que proporcionan as súas organizacións cronolóxicas e, por outra, a propia literatura. En efecto, os momentos da tríade das grandes épocas responden ás fases biolóxicas da orixe, apoxeo e decadencia, respectivamente, no marco da historia xeral, pero, cando nos desprazamos á literatura, o seu funcionamento só é operativo cando se considera a literatura europea como un conxunto, que, á súa vez, se postula como máximo voceiro da *Weltliteratur*. Neste caso, acontece unha reordenación dos momentos biolóxicos, no sentido de que a “orixe” é xa un inicio pleno (literatura grecolatina), ao que lle

se circunscriba ao exame das nocións periodolóxicas: “Os elementos fundamentais da historiografía literaria, é dicir, as unidades extensas —períodos, correntes, escolas, movementos— que permiten estruturala, facéndoa intelixíbel, ordenando o seu devir temporal, non adoitan reducirse a ámbitos nacionais” (Guillén 1985: 362). Esa centralidade comparativa explícase, precisamente, polo feito de que ditas nocións periodolóxicas transcenden as fronteiras das literaturas nacionais, de maneira que deliñan o espazo de reflexión da literatura comparada.

A identificación a modo de sinécdoque da periodoloxía co ámbito xeral da historiología resulta habitual nos manuais programáticos da disciplina. Coa presente unidade optouse por ampliar o espectro de cuestións que atinxen a unha historia comparada da literatura, aínda que non se deixa de recoñecer a centralidade da periodoloxía. Neste sentido, con este Tema preténdese introducir os estudantes no cuestionamento comparativo das categorías periodolóxicas, o que supón proseguir unha liña de investigación tradicional, á que se incorpora, a partir dos traballos de Mario J. Valdés, un ámbito de reflexión de marcado carácter epistemolóxico en torno da temporalidade e o propio acto de escrita dunha historia literaria comparada.

En efecto, do mesmo xeito que o pensamento contemporáneo sobre a historia literaria comparada parte do recoñecemento de que a argumentación narrativa posúe implicacións ideolóxicas, sexa dita argumentación de tipo tradicional ou enciclopédico, o que supón, á súa vez, constatar unha limitación epistemolóxica, así tamén se recoñecen as limitacións epistemolóxicas de carácter temporal. A este respecto, as historias literarias nacionais non só acusan un funcionamento mimético con respecto aos modelos das articulacións epocais, até o punto de tratarse dun dos códigos historiográficos máis constantes no que se poden apreciar tendencias nacionais (pénsese na periodoloxía política da historiografía literaria inglesa ou nos *événements* dos autores canónicos na historiografía literaria alemá), senón que ese mimetismo alcanza así mesmo á actitude narrativa cara á materia historiada. Así, as obras literarias concíbense en canto acontecementos que poden ser apreñados en termos absolutos, de maneira que a interpretación crítica que se proporciona do texto en cuestión identifícase coa posición cronolóxica que este ocupa na cadea. Iso ten como resultado a construción dunha formación pseudohistórica, na que a relación entre modelos e epígonos é afin á que se establece entre precursores e modelos, co que se incurre nunha inconsecuencia lóxica.

Como sinalan Valdés e Hutcheon, “a comparative literary history would have to acknowledge the epistemological limitations that its hermeneutic situation creates: each historian will be situated, as a real person living in a linguistic and cultural community, and it is from that specific position that he/she can engage what phenomenologists call the horizon of the past” (1994: 4). Xa que logo, a dimensión comparatista da historia comparada da literatura é resultado tanto da superación das fronteiras literarias —sexan estas nacionais, lingüísticas, culturais, artísticas ou discursivas— como do seu recoñecemento do que Fernand Braudel denominou en *Les Structures du quotidien*, primeiro volume de *Civilisation matérielle, économie et capitalisme, XVe-XVIIIe*

nicista e contextualista); e (3) explicación a través de implicacións ideolóxicas (anarquista, conservadora, radical e liberal).

Como xa se anunciou, a presentación que aquí se ofrece deste Tema 2 procura evitar un simple enfoque historicista en favor dunha reflexión verbo dos problemas e respostas atendidos polas diversas orientacións científicas co fin de examinar as débedas contraídas polo pensamento comparatista sobre a historia literaria, así como as súas distancias. Para iso será imprescindible que o docente estableza as conexións oportunas, que no presente Tema 2 poden adoptar unha función proléptica en relación co seu estudo máis detallado nos temas seguintes, especialmente o Tema 3, dedicado aos fundamentos epistemolóxicos da historia literaria comparada.

Esquema de contidos

- 2.1 Das orixes ao paradigma ilustrado
 - 2.1.1 A erudición bio-bibliográfica
 - 2.1.2 Historia ilustrada e progreso
- 2.2 O paradigma romántico
 - 2.2.1 Cosmopolitismo fronte a nacionalismo
 - 2.2.2 Hermenéutica da historia literaria
- 2.3 O paradigma positivista
 - 2.3.1 Modelo factualista
 - 2.3.2 Modelo cientifista
- 2.4 A historia literaria no século XX
 - 2.4.1 Paradigma formalista
 - 2.4.2 Paradigma sociolóxico
 - 2.4.3 Paradigma sistémico
 - 2.4.4 Paradigma dos novos historicismos

Actividades propostas

- Facer un breve test para avaliar coñecementos previos e adecuar a exposición a esas competencias
- Localización das fontes máis relevantes
- Identificar as principais achegas dos paradigmas teóricos ao desenvolvemento da historia literaria

3. FUNDAMENTOS EPISTEMOLÓXICOS DA HISTORIA LITERARIA COMPARADA

No primeiro manual programático da Literatura Comparada, *La Littérature comparée*, de Paul Van Tieghem, o estudo internacional da historia literaria non se concibe en termos comparativos, senón que se despraza ao ámbito da *littérature générale*. Isto, evidentemente, responde ao principio neopositivista dos *rappports de fait*, de xeito que a atomización imposta polas series de relacións binarias sería obxecto de superación a través da *littérature générale*, transcendida á súa vez pola propia *histoire littéraire internationale*: “Il faut aller chercher les textes significatifs, non seulement dans les principales littératures, mais dans celles dont le rayonnement a été plus limité. Cela est essentiel, et c’est le grand intérêt de la littérature générale que d’offrir des tableaux qui ne soient pas fâcheusement incomplets (Van Tieghem 1931/1946 : 195). Máis aló da moi discutida distinción entre *littérature comparée* e *générale* e da posición outorgada á historia literaria, interesa iniciar este Tema 3 mediante unha reflexión verbo das formulacións de Van Tieghem, xa que logo a historiografía comparatista contemporánea amosase debedora de algúns dos seus principios. Así, o modelo de historia literaria comparada pode se concibir de xeito preponderante a través da súa distancia con respecto á historia literaria nacional (véxase Tema 1): “Une véritable histoire littéraire internationale n’offre pas seulement, tant s’en faut, une somme des histoires littéraires des diverses nations” (Van Tieghem 1931/1946: 204). Pero a historia literaria comparada non só superaría á historia literaria nacional a partir da súa “fronteira superior” (a suma das historias nacionais), senón tamén a partir da “fronteira inferior”, posto que a súa atención se consagra así mesmo ás literaturas nacionais “menores” ou a aquelas que non alcanzaron un estatuto nacional.

O presente Tema 3 está pensado como unha transición entre a primeira sección introdutoria (Temas 1 e 2) e unha segunda atenta a cuestións máis específicas, de xeito que familiarice aos estudantes con esa reflexión meta-teórica dos últimos proxectos historiográficos auspiciados pola ICLA. Nelles atoparanse argumentos de capital importancia acerca da metodoloxía e dos fundamentos epistemolóxicos da historia literaria comparada. Xunto a estes argumentos tamén serán obxecto de exame as contribucións dos primeiros proxectos historiográficos comparatistas co fin de delimitar as débedas e observar a evolución do pensamento historiográfico a este respecto, así como as achegas metodolóxicas debidas a outros ámbitos académicos.

As historias literarias constitúen, xunto ás antoloxías e os tratados de retórica e poética, un dos instrumentos recurrentes nos mecanismos de canonización, polo que non parece desacertado recuperar aquí a distinción proposta por Walter Mignolo entre “canon vocacional” e “canon epistémico”, no sentido de que o principio segundo o cal a historia literaria comparada habería de “faire une juste place aux littératures à rayonnement limité” (Van Tieghem 1931/1946: 205) parece responder a un enfoque vocacional (todas as literaturas son dignas de ser estudadas) en consonancia con algunhas das actuais correntes multiculturalistas de cariz ecuménico e acrítico, afilladas pola globalización, e non a un enfoque epistémico. Así, a conexión pro-

Actividades propostas

- Introducción á compilación dunha base de datos sobre teoría interliteraria
- Valoración dos resultados obtidos en *Comunidades interliterarias específicas*
- Translación dos postulados interliterarios a áreas culturais non occidentais
- Reflexión sobre a incidencia do proceso interliterario nunha teoría literaria intercultural

5. PERIODOLOXÍA: AS ARTICULACIÓNS EPOCAIS

Considérese a seguinte enumeración, lonxe de calquera vontade de exhaustividade: idade media, renacemento, barroco, realismo, simbolismo, modernismo. Atopámonos ante unha serie de nocións periodolóxicas nas que prima unha espacialidade transnacional, no sentido de que ningunha literatura nacional pretende unha posesión absoluta de ditos períodos, se ben isto non impide que algunha se propoña como a súa sinécdoque máis apropiada (pénsese no modelo historiográfico que fai de Francia o *pays émetteur* por excelencia no marco europeo). Xunto a esa espacialidade transnacional, obsérvase así mesmo a superación dos propios límites da literatura, pois trátase de categorías epocais que participan dos ámbitos das restantes artes e da historia xeral, entre outros, polo que poden ser consideradas como nodos interartísticos e interdiscursivos. Noutro extremo situaríanse aquelas categorías cuxa idiosincracia radica na súa suposta monorreferencialidade literaria, tales como o *Elizabethan Mannerism* ou o *Augustan Classicism* ingleses, o *Sturm und Drang* alemán, o *Biedermeier* austríaco, o futurismo italiano ou o construtivismo ruso, das que se derivan interesantes problemas comparativos.

A transnacionalidade dos períodos literarios, a semellanza do que acontece coas categorías xenolóxicas, explican que se convertiran nunha unidade básica da historiografía comparada dende os seus inicios, de xeito que a organización máis primitiva opera por mera xustaposición de literaturas nacionais nun lapso cronolóxico específico. O presente Tema 5 pretende examinar as nocións periodolóxicas, en termos xerais, no que atinxe ás súas implicacións comparatistas, e isto porque unha reflexión teórica verbo das posibilidades dunha historia comparada da literatura pon de manifesto, por unha parte, o funcionamento mimético das historias literarias nacionais con respecto aos modelos cronolóxicos e as súas particións e, por outra, a propia conformación destes como códigos culturais.

Claudio Guillén é un dos comparatistas que maior atención consagrou ao estudo da periodoloxía literaria. Neste sentido, resulta en extremo significativo que todo o Capítulo 16 de *Entre lo uno y lo diverso. Introducción a la literatura comparada*, titulado “Las configuraciones históricas: Historiología”,

ratura mundial— non son homoxéneos. Polo que se refire ao nivel individual, conformado polas literaturas nacionais, Āurišin parece fundamentarse nunha vaga identidade étnica cimentada nunha proximidade lingüística. Débese a Naftoli Bassel (1991) unha caracterización máis específica da literatura nacional a partir dunha enumeración de trazos como os seguintes: (1) posúe unha conexión orgánica co destino histórico do seu grupo étnico; (2) o idioma nacional é o seu medio básico de existencia; (3) áchase enraizada no folclore e a mitoloxía do seu grupo étnico; (4) é un sistema estético dinámico á vez que estábel; (5) confórmase como unha tradición artística que interactúa con outras formas artísticas nacionais; (6) o seu desenvolvemento vese influído por outras literaturas do proceso literario mundial; e (7) pertence a varios sistemas interliterarios (zonal, etno-lingüístico, rexional). Este repertorio de trazos pode contribuír en certa medida a precisar o sentido das diversas categorías diferenciadas por Āurišin. Como se pode observar no repertorio proposto por Bassel, a literatura nacional, sexa propiamente dita ou doutro tipo, defínese xa pola súa participación en sistemas interliterarios, que, á súa vez, poden ser etnolingüísticos, zonais ou rexionais. A este respecto, convirá realizar unha mínima puntualización terminolóxica con respecto a estes dous últimos conceptos, en tanto que, na úa acepción xeográfica, a rexión é máis inclusiva que a zona, mentres que na teoría do proceso interliterario se invirten as relacións a partir dos traballos de I. G. Neupokoeva, Vipper e Šerlaimová.

Esquema de contidos

- 4.1 A “Escola de Bratislava” e Dionýz Āurišin
 - 4.1.1 Xenealoxía do comparatismo estrutural
- 4.2 O problema terminolóxico: Comparatismo fronte a interliterariedade
- 4.3 A dinámica interliteraria: da literatura nacional á mundial
- 4.4 Teoría do proceso interliterario
 - 4.4.1 Comunidades interliterarias particulares
 - 4.4.2 Comunidades interliterarias de tipo estándar
 - 4.4.3 Centrismos interliterarios

posta por Van Tieghem entre *littératures à rayonnement limité* e as *grandes littératures* (cinco ou seis, segundo se afirma explicitamente) conta entre os seus epígonos máis actuais coa noción de “cultura folclórica” ou “cultura étnica”, en tanto que a consideración historiográfica daquelas respondería á súa “diferenza” con respecto ao patrón eurocéntrico. Evidentemente, non se pretende afirmar aquí que as “literaturas de extensión limitada” (unha etiqueta moi indicativa dos alicerces ideolóxicos nos que se asenta) non deban ser obxecto de consideración por parte da historiografía literaria comparada, senón que a súa inclusión non debería ser resultado de principios subxectivos. Un elemento constitutivo desa hermenéutica diatópica ou pluritópica, noción que Mignolo toma de Pannikar e na que se deberá profundar máis adiante, podería ser un enfoque sistémico que achegaría o que se podería denominar como “multiculturalismo sistémico”, é dicir, un estudo das interaccións das culturas e as súas literaturas a través dos seus contactos xenéticos ou analoxías tipolóxicas. Imaxes representativas dese multiculturalismo sistémico serían a do “mosaico” ou a do *patchwork*, que implican tanto a realidade das partes específicas como o cadro total que conforman. Valórese a este respecto o modelo heurístico aplicado por Milan V. Dimić á análise das literaturas canadenses de menor difusión.

Ese enfoque sistémico habería de desenvolverse a partir das achegas da Teoría dos Polisistemas e da Semiótica da Cultura, así como dunha contribución comparatista específica como é a Teoría do proceso interliterario, co que se xustifica que se lle consagre a esta todo un tema nesta unidade (véxase Tema 4). A Teoría do proceso interliterario, elaborada por Dionýz Āurišin, recoñece a “literatura nacional” como unidade mínima —unha constante do pensamento historiográfico comparatista—, aínda que se distinguen, xunto á noción tradicional de ascendencia romántica, outros tipos como a literatura oral das sociedades tribais, a literatura das cidades-estado gregas ou a literatura medieval de base étnica, entre outros, o que dá unha idea da complexidade desas unidades e permite considerar a hipótese de que estas non deberían limitarse a literaturas cunha forte impronta de identidade comunitaria (pénsese en sistemas literarios como o “paraliterario”, promovido na actualidade por empresas editoriais multinacionais). As devanditas literaturas nacionais interactúan, o que dá lugar a espazos literarios progresivamente máis integradores, como son as comunidades interliterarias, de diferentes clases, e, para rematar, a literatura mundial.

Se se recuperan os diversos fíos argumentativos expostos até o momento, poderá someterse á valoración dos estudantes a consideración segundo a cal a historiografía literaria comparada ten por obxecto analizar os feitos literarios de carácter supranacional, cuxo estadio último estaría representado polo desiderátum da literatura mundial, que non se concibe en termos vocacionais, como pode apreciarse, por exemplo, en *The Bedford Anthology of World Literature*, debida a un grupo de investigadores da University of New Mexico, senón en termos epistémicos, é dicir, como a rede de interaccións entre as diversas literaturas. Posto que o estudo do proceso interliterario que se resolve na categoría da literatura mundial constitúe, máxime na súa vertente aditiva, un desiderátum, as historias literarias comparadas concréntanse en diversos

modelos máis restritivos: (1) análise dun feito literario supranacional (tema, xénero, estilo ou movemento) en dúas ou máis literaturas e (2) análises de feitos literarios supranacionais en dúas ou máis literaturas. Evidentemente, as restricións alcanzan diversos niveis que, polo xeral, afectan ao número de literaturas consideradas, dende o patrón binario representado por literaturas “maiores”, das que unha se contempla preponderantemente como emisora e outra como receptora (a *Histoire comparée deas littératures espagnole et française*, de Adolphe de Puibusque, por exemplo), e o patrón múltiple reducido ao modelo binario dunha literatura emisora e varias literaturas receptoras (o *Tableau da littérature au Moyen Âge en France, en Italie, en Espagne et en Angleterre*, de Abel-François Villemain, ou a *Histoire da littérature française au Moyen Âge comparée aux littératures étrangères*, de Jean-Jacques Ampère) até a elección de espazos xeoculturais en cuxo seo se detecta un acentuado proceso interliterario, sexa por causas “psicolóxicas” (pénsese no Nord e o Midi de Mme. de Staël, fundamento da *Littérature du Midi de l'Europe*, de Simonde de Sismondi), lingüístico-políticas (as historias literarias da francofonía ou da lusofonía) ou administrativo-políticas (as historias literarias dos países integrantes da ex-URSS ou da ex-Iugoslavia). Para rematar, debe repararse en que aquelas obras que pretenden historiar comparativamente a literatura mundial non operan a través da análise das interaccións de todas as comunidades interliterarias, senón que tamén recorren a diversos modelos de restricción, dos que os máis recorrentes son: (1) identificación da literatura mundial coas interaccións de dúas grandes comunidades interliterarias (por exemplo, a europea e a oriental na *Geschichte der alten und neuen Literatur*, de Friedrich Schlegel); e (2) identificación da literatura mundial con algunhas das “literaturas maiores” de diversas comunidades interliterarias, das que a europea conta con maior representación.

En definitiva, a historiografía comparatista reflexiona criticamente sobre a categoría de “literatura nacional”, unidade tradicional das historias literarias, no sentido de que a propia idea de nación, concibida no século XIX, responde a parámetros tipicamente europeos, vinculados á cultura impresa e, incluso, a un xénero literario como a novela. Iso non significa que as historias comparadas obvien os nexos entre literatura e nación, senón que estes se examinan xunto a outras fórmulas de “comunidades imaxinadas”, asociadas ás identidades lingüísticas ou ás xeoculturais, por exemplo. A este respecto, resulta moi significativa a dirección emprendida polo proxecto historiográfico auspiciado pola ICLA, que se concreta nunha reorientación dende unha dimensión transnacional cronocultural cara a unha dimensión transnacional xeocultural. Así, fronte á preponderante opción por categorías periodolóxicas, en tanto que o seu carácter supranacional se estima evidente, ou xenolóxicas en tanto que representan unha época dada, as historias comparadas de publicación inminente ou en fase de elaboración tuteladas polo Coordinating Committee for Comparative Literary History da ICLA decántanse por espazos xeoliterarios que sitúan nun primeiro plano a artificialidade das fronteiras nacionais e nos que se manifestan fenómenos literarios comparábeis dende unha perspetiva internacional.

como, substancialmente, ás barreiras lingüísticas. En efecto, Ďurišin redactou as versións orixinais das súas investigacións en eslovaco, das cales as principais contan con traducións ao ruso, alemán, chinés, xaponés, macedonio, francés e inglés. Malia iso, e polo que se refire de xeito específico ás versións inglesas, estas presentan serias dificultades para lograr unha comprensión satisfactoria.

A noción formalista de “desautomatización”, vinculada á *ostranenie* (*extrañamento*), fixo posíbel unha nova concepción da historia literaria, que xa non se comprende como unha continuidade, senón como unha serie de discontinuidades que entablan un diálogo coa tradición, en tanto que no novo sempre permanece algo das obras anteriores. Esta visión dinámica composta unha aproximación novidosa á sincronía literaria, pois abarca tanto as obras próximas no tempo dun ámbito nacional como aquelas que proveñen de literaturas estranxeiras —sexa en lectura directa ou, fundamentalmente, mediante a tradución— ou de épocas anteriores. En definitiva, a evolución literaria xa non se percibe en termos liñares, como resultado do desprazamento de sistemas que ocupan un lugar nuclear cara á periferia e viceversa. Fronte á concentración formalista na *literaturnost* (literariedade) como factor definidor da literatura en tanto que provoca o extrañamento, xa que é a propiedade básica e esencial das relacións intraliterarias, a proposta de Ďurišin en torno da interliterariedade implica, segundo Gálik, a superación das fronteiras nacionais das literaturas.

Aínda que a caracterización de Gálik resulta de utilidade, conviría examinar a noción de interliterariedade teorizada por Ďurišin á luz, por unha banda, do concepto de intertextualidade e, por outra, da crítica que o autor eslovaco realiza da noción positivista de “influencia”. En efecto, a teoría da interliterariedade ten para Ďurišin unha primeira dimensión, sobre a que a crítica non chamou a atención, que concerne ás dificultades epistemolóxicas que suscita o cualificativo *comparée* na denominación da disciplina e á necesidade de superar o modelo biografista e historicista da influencia en canto relación que se establece entre autores específicos a través das súas obras. Neste sentido, para Ďurišin a interliterariedade confórmase incluso como unha denominación que debe reemprazar tanto a tradicional *Littérature comparée* como a distribución, teorizada por Van Tieghem, entre *littérature comparée* e *littérature générale*, o que en definitiva implica dar cabida na investigación comparativa non só aos contactos xenéticos, senón tamén ás analogías tipolóxicas.

Tras o exame crítico desta primeira dimensión da interliterariedade, a exposición deste Tema 4 deberá orientarse cara a unha valoración máis específica do proceso interliterario en sentido estrito. A este respecto, considérese que a propia categoría do interliterario ocupa para Ďurišin un espazo intermedio entre o literario-nacional e o literario-mundial, asociados, respectivamente aos niveis do individual e o xeral, mentres que o interliterario caracterizábase por ser específico. Deste xeito, entre as literaturas nacionais e a literatura mundial (*world literature*) sitúanse as relacións interliterarias.

Os tres estratos diferenciados por Ďurišin —literaturas nacionais, relacións interliterarias concretadas en certas agrupacións comunitarias e lite-

da literatura eslovaca con outras literaturas, eslavas e non eslavas, en especial a partir da fórmula “A e B” (Eslovaquia-Chequia, Eslovaquia-Hungría, Eslovaquia-Alemania). Tras a Primeira Guerra Mundial, e con ocasión da aludida fundación da Universidade Comenius, a colaboración checo-eslovaca supón o inicio do desenvolvemento dunha nova metodoloxía comparatista —que se afasta de xeito definitivo do estudo das “influencias”— en canto síntese do formalismo ruso, o estruturalismo checo e as achegas occidentais, en especial as de Paul Van Tieghem, sometidas a crítica. Agora ben, téñase en conta que a conversión de Checoslovaquia en estado satélite soviético supuxo a anatemización da literatura comparada, considerada como un “cosmopolitismo burgués” proclive a Occidente. Explícase así que na década do cincuenta do século XX rexurda o enfoque factualista.

Tras estes prolegómenos históricos, pódese propoñer aos estudantes a consideración da denominación “Escola de Bratislava” como unha etiqueta convencional coa que se pretende dar conta dos estudos comparados desenvolvidos en dous centros da devandita cidade, o Ústav svetovej literatúry (Instituto de Literatura Mundial), dependente da Slovenská Akadémia Vied (Academia Eslovaca das Ciencias) e fundado en 1964, e a mencionada Universidade Comenius. Dende ese ano prodúcese a emerxencia dunha nova perspectiva comparatista, orientada cara ao estudo das relacións literarias checo-eslovacas e a teoría da tradución, da que derivará a chamada Escola de Nitra, con Anton Popovič como un dos seus principais representantes. É nesta época cando Ďurišin (1929-1997) inicia a súa investigación comparatista, con especial atención ás relacións literarias ruso-eslovacas e eslavo-eslovacas dende un enfoque xenealóxico, que supón a síntese das formulacións teóricas do formalismo ruso e do estruturalismo checo. Outros dominios comparatistas que se desenvolven nesta época son a métrica comparada, con Viktor Kochol, e a estilística comparada, con František Miko. A iso debe engadirse que durante as décadas do sesenta e do setenta os orientalistas eslovacos comezan a colaborar con estudosos euro-americanos; é o caso de Marian Gálik en sinoloxía, Ján Múčka en vietnamística e Xénia Celnarová en turcoloxía.

Unha das achegas máis destacábeis da Escola de Bratislava, xunto aos seus estudos sobre a tradución, que desde 1967 teñen o seu centro institucional en Nitra, é a teoría do proceso interliterario (*teória medziliterárneho procesu*). Deberá facerse especial fincapé neste punto, no sentido de que, en principio, podería parecer excesivo falar dunha “Escola de Bratislava” cando os seus traballos máis destacados se deben a un único investigador, o propio Ďurišin. Agora ben Ďurišin et al. (1987-1993) e Ďurišin e Gnisci (2000) resultan suficientemente indicativos da dimensión colectiva que nos últimos anos adquiriu esta teoría. Así mesmo, debe poñerse de relevo a escasa resonancia internacional —excepción feita da colaboración entre o Instituto de Literatura Mundial e o Dipartimento dei Italianistica e Spettacolo da Università degli studi dei Roma “A Sapienza”—, concretado no citado Ďurišin e Gnisci (2000), que alcanzou a teoría do proceso interliterario, o cal, entre outras razóns, obedece á difícil accesibilidade dos traballos en cuestión en bibliotecas e outros centros académicos de Europa occidental e Estados Unidos, así

A reflexión crítica en torno da noción de “literatura nacional” e o recoñecemento da superposición dunha nación, unha lingua e unha literatura —que converte aos estados-nación en territorios monolóxicos— como un construto ideolóxico ten diversas implicacións con respecto aos fundamentos epistemolóxicos da historia literaria comparada. A este respecto, será proveitoso examinar a súa construción narratolóxica, tal e como se propuxo no Tema 1. Un dos trazos máis distintivos da construción narratolóxica das historias comparadas da ICLA é a súa polifonía, no sentido de que se abandona esa voz única que pretende posuír un coñecemento absoluto da materia historiada e, xa que logo, dar lugar a un relato totalizador da identidade nacional, para reempazala por unha pluralidade de voces, a dun equipo internacional que elabora sínteses parciais. Este modelo narrativo enciclopédico xa se fai patente nos primeiros exemplos da historiografía posmoderna como, por exemplo, a *Columbia Literary History of the United States* ou *A New History of French Literature*. Fronte á combinación de acontecementos aos que se dá un sentido unitario no modelo narrativo tradicional, o modelo narrativo enciclopédico en canto suma de síntese organiza os sucesos segundo un esquema aberto, non unidireccional; abandona a imaxe de continuidade histórica, de forma que a procura de continuidade encoméndase aos lectores (podería dicirse, xa que logo, que a historiografía comparatista contemporánea presenta moitos máis lugares de indeterminación que a historiografía nacional, polo que a función do lector implícito é moito máis activa); e non se presenta unha tese dominante. O exame destes proxectos historiográficos comparatistas permite constatar esa ampliación da noción de literatura á que se fixo referencia antes, a través do recurso á categoría de “culturas literarias”, que non se concreta tan só nun aumento do número e tipos de textos considerados, senón fundamentalmente na dilatación dos contextos históricos nos que eses textos se enmarcan. Neste sentido, é sintomático que os proxectos historiográficos máis recentes auspiciados pola ICLA recoñezan como modelo epistemolóxico a historia “comparada” levada a cabo por Fernand Braudel e a metodoloxía da Escola dos Anais en termos xerais, xa que se propoñen como un movemento dialéctico entre pasado e presente, entre a observación específica e o recoñecemento da heteroxeneidade e complexidade da vida. Así, fronte á idea de nación como territorio monolóxico, lexitimada pola maioría de historias literarias nacionais, as historias comparadas proceden a recoñecer que no seo mesmo das nacións ten lugar a produción e recepción de obras literarias noutras linguas e vencelladas a outras tradicións culturais, á vez que tamén se producen fluxos literarios intersistémicos a través da tradución. En definitiva, trátase dunha exploración crítica da literatura no marco da cultura que a produce e a consome.

Esquema de contidos

- 3.1 O lugar académico da historia literaria comparada
- 3.2 Obxecto da historiorafía comparada: o proceso interliterario
- 3.3 Unidades historiográficas: cronocultura fronte a xeocultura
- 3.4 Trazos narratolóxicos da historiografía comparada
- 3.5 Aperturas historiográficas: interartes e interdiscursividade
- 3.6 Polifonía e hermenéutica pluritópica

Actividades propostas

- Exame e debate da nova orientación epistemolóxica implicada polos máis recentes proxectos da ICLA
- Uso de ferramentas cartográficas e valoración da súa produtividade de no estudo literario
- Proxecto dunha historia literaria comparada: acoutación do obxecto historiográfico

4. SISTEMAS LITERARIOS: TEORÍA DO PROCESO INTERLITERARIO

Ningún dos manuais programáticos do comparatismo recolle, na sección consagrada á historia literaria comparada, as contribucións da “Escola de Bratislava” en xeral nin, de xeito máis particular, as do seu principal representante, Dionýz Ďurišin. E isto a pesar do importante alcance teórico das súas publicacións, constantes ao longo da segunda metade do século XX. Como ten sinalado Marian Gálik (1996), este descoñecemento obedece a barreiras lingüísticas, ás que cómpre engadir, entre outros motivos que se indicarán ao longo da exposición deste Tema 4, a dificultade de acceso aos estudos en cuestión nas bibliotecas e outras institucións académicas de Europa occidental e USA.

O presente Tema 4 ten como obxectivo fundamental proporcionar aos estudantes unha visión panorámica en torno das contribucións de Ďurišin, xa que se configuran como un pilar básico da reflexión teórico-comparatista —a este respecto, algúns autores estiman incluso que os seus traballos deliñan un novo paradigma da disciplina—, en especial polo que se refire á epistemoloxía dunha historia comparada da literatura. Para isto, cómpre recrear a xenealoxía formalista-estruturalista das súas formulacións. Neste sentido, é evidente a influencia da noción formalista de *literaturnost* na categoría do *medziliterárneho procesu* (proceso interliterario). Por outra banda, será do máximo interese explorar os complementos que a Teoría do proceso interliterario pode atopar noutras correntes críticas, singularmente a Teoría dos polisistemas, a Semiótica da cultura e a Tradutoloxía.

A “Escola de Bratislava” en xeral e os traballos de Dionýz Ďurišin de xeito particular sitúannos no ámbito dos desenvolvementos eslavos do comparatismo. A este respecto, deberase incidir no feito de que as achegas de

Europa do Leste á Literatura Comparada resultan, a diferenza do que acontece coa esfera da teoría literaria, practicamente descoñecidas, seguramente como consecuencia do establecemento desa distinción reducionista que opón “Escola Francesa” e “Escola Americana”. Con todo, o grao de desenvolvemento dun pensamento comparatista en Europa do Leste é en extremo elevado, con seguridade como resultado da constitución multiétnica das súas comunidades, así como, fundamentalmente, dos procesos de colonización “interior” e “exterior” da ex-Unión Soviética, con nocións centrais da reflexión crítica como “literatura soviética”, asociada á reconsideración da *Weltliteratur* goetheana por parte de Karl Marx e Friedrich Engels en *The Communist Manifesto*, de 1848, ou a asimilación dos vínculos entre literatura nacional e internacional ao pensamento leninista sobre as relacións dialécticas de dúas categorías do proceso gnoseolóxico como “individual” (o nacional-literario na extrapolación) e “xeral” (o interliterario).

No momento en que en Francia se estaba producindo a institucionalización académica da literatura comparada (década do trinta do século XIX), en Eslovaquia desenvólvense os primeiros traballos cunha dimensión literaria internacional. Así, situouse o nacemento dos estudos comparados na obra de Pavel Jozef Šafárik (1795-1850), quen en 1826 publica a *Geschichte der slawischen Sprache und Literatur nach allen Mundarten*, obra na que se aborda o “proceso interliterario” —evidentemente, non con devandito termo— no marco das linguas e literaturas eslavas, con especial atención ás tensións dialécticas intraliterarias e interliterarias checa e eslovaca. Desde esta fase, á que tamén pertencen Ján Kollár (1793-1852), con *O literárnej vzájemnosti mezi kmeny a nářečimi slavskými* (Sobre as relacións mutuas entre as tribos e dialectos eslavos), de 1836, e L’udovít Štúr (1815-1856), con *O národních písniach a pověstech plemen slovanských* (Sobre cancións folclóricas e lendas dos pobos eslavos), de 1853, deberase proseguir o desenvolvemento da literatura comparada até a conformación da “Escola de Bratislava” a partir dos seus fitos máis destacados. Entre eles cóntanse os traballos de Pavol Országh (1849-1921), Jozef Škultéty (1853-1948), Pavel Bujnák (1882-1933), Rudolf Uhlár (1904-1934), Rudo Brtáň (1907-) ou Milan Pišút (1908-1984), entre outros, xunto a quen cómpre considerar así mesmo os académicos checos que colaboraron cos eslovacos trala fundación da Univerzita Komenského (Universidade Comenius) en Bratislava en 1919, tales como Albert Pražák (1880-1956), Frank Wollman (1888-1969), Jan Mukarovský (1891-1975), Jirí Horák (1884-1974) ou Jirí Polívka (1898-1933). É evidente que a propia situación xeopolítica de Eslovaquia favoreceu o desenvolvemento dunha investigación literaria de enfoque eminentemente comparativo. Pénsese na permanencia de Eslovaquia na esfera de influencia de Hungría durante gran parte da súa historia, mentres que o territorio checo viuse sometido durante diversos períodos a gobernos xermano-austríacos, a creación do Estado Federal de Checoslovaquia trala Primeira Guerra Mundial, coa súa disolución en dous estados independentes (República Checa e Eslovaquia) en 1993, ou a súa conversión en estado satélite da ex-URSS. Compréndese así que entre 1826 e 1914 a devandita investigación, cuxa metodoloxía é de carácter preponderantemente factualista, orientouse cara á determinación das relacións